

**O Cooperativismo no mar:
Evolución Histórica.
Situación Actual e Potencialidades**

**Informe de Conclusións ás entrevistas en
profundidade:**

**Descrición da Situación Actual das
Cooperativas do Mar e Prospectiva**

1 Índice

1	ÍNDICE.....	3
2	PRESENTACIÓN.....	4
3	FUNDAMENTACIÓN METODOLÓXICA.....	5
4	RELACIÓN DE AXENTES ENTREVISTADOS.....	6
5	PRESENTACIÓN DA INFORMACIÓN RECABADA.....	10
6	ENTREVISTAS REALIZADAS A REPRESENTANTES DA CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS.....	11
7	ENTREVISTAS REALIZADAS ENTRE AS COOPERATIVAS E OUTRAS ENTIDADES DO SECTOR.....	29
8	ENTREVISTAS REALIZADAS A EXPERTOS.....	61
9	SÍNTESE DE IDEAS RECOLLIDAS NAS ENTREVISTAS REALIZADAS.....	74
10	ANEXO. GUIERO DE ENTREVISTA.....	91

2 Presentación

Este informe realiza unha descrición detallada das diversas perspectivas recollidas a través da realización de entrevistas en profundidade a un total de 28 persoas que, en función da súa experiencia vital e/ou profesional, foron consideradas como potenciais “informantes clave” ao efecto do presente estudo.

3 Fundamentación Metodolóxica

A realización de entrevistas en profundidade a informantes clave conformaba unha das liñas metodolóxicas centrais do estudo “o cooperativismo no mar: evolución histórica, situación actual e potencialidades”.

A través desta técnica de investigación cualitativa foi posible acceder ás visións dun conxunto de informantes que, aportando perfís diversos e complementarios, permitiron a conformación dunha perspectiva global, e contrastada, da realidade do cooperativismo no sector do mar.

Neste sentido, as conclusións extraídas constitúen un recurso de primeiro orde para a realización do estudo, e para a contextualización dos datos que podan aportar outras técnicas implementadas no mesmo; tal e como, por exemplo, a enquisa ás cooperativas.

Con este obxecto, as entrevistas tiveron un carácter estruturado, mediante guieiro aberto e común para todos os casos entrevistados; o que non impediu a introdución de criterios de flexibilidade que restrinxiran ao mínimo a espontaneidade dos suxeitos entrevistados.

4 Relación de Axentes Entrevistados

Tal e como se comentaba anteriormente, a selección de informantes clave buscaba garantir unha representatividade estrutural ao respecto dunha serie de ámbitos considerados como referentes á hora de recabar información. En concreto:

- Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Cooperativas e outras entidades do sector do mar.
- Expertos:
 - ◆ Investigadores e Universidade.
 - ◆ Entidades que traballan no apoio ao cooperativismo en Galiza.

Cara á identificación específica das persoas a entrevistar consideráronse distintos atributos: o interese da súa traxectoria profesional ou vital no sector do mar ou do cooperativismo; o peso das entidades ás que representaban; o seu coñecemento investigador; e/ou, en definitiva, a relevancia da súa implicación no proceso de estudo cara á concreción de propostas de actuación a partir das súas conclusións.

En concreto, realizáronse as seguintes entrevistas:

No ámbito da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:

- Lino Lema Bouzas. Xefe de Servizo de Estudos Pesqueiros. Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Miguel Ángel López Sieiro. Secretario Xeral.
- Prudencia Santasmarinas Raposo. Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.
- Elisa Gago Moldes. Axente de Extensión Pesqueira. Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.
- Francisco Fernández Cortés, no momento da entrevista Director Xeral. Dirección Xeral de Recursos Mariños.

No ámbito das cooperativas e entidades do sector:

- Evangelina Martínez Sotelo. Presidenta (Federación de Redeiras Artesás “O Peirao”).
- Dolores Bermúdez Rodríguez. Presidenta (Asociación de Profesionais do Marisqueo a Pé de Galicia, “Areal”).
- Natalia Laíño Lojo. Secretaria Xeral (Asociación Galega de Mariscadores, “AGAMAR”).
- Xulián Ferradás Vilas. Presidente (“AGARES”, Asociación Galega de Recolectores Submariños).
- Francisco Javier Castro García e Ricardo Martínez Vidal. Presidente e socio traballador (Arpemar, S. Coop. Galega).
- Rosendo Queimaño Cancelas. Presidente (Cooperativa de Mexilloeiros de Galicia, “SOCOMGAL”).
- Juan José Dieste Rodríguez. Presidente (Ría de Arousa, Sociedade Cooperativa Galega).

- Casiano Iglesias Piñeiro. Presidente (Loitamar, Sociedade Cooperativa Galega).
- Alfonso Alcaide Núñez. Presidente (Consello Regulador do Mexillón de Galicia).
- Reinaldo Iglesias Prieto. Presidente (Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo).
- José Carlos Veiga Sampedro e José Martínez. Expresidente e antigo membro do Consello Reitor, respectivamente (Cíes Artesanais, Sociedade Cooperativa Galega).
- Pablo Villar Martínez. Xerente (Confraría de pescadores San José de Cangas).
- Xoan López Álvarez. Secretario (Federación Galega de Confrarías de Pescadores).
- Emilio Louro Lamela. Secretario (Confraría de pescadores de Lira-Carnota).
- Máximo Díaz Méndez. Secretario (Confraría de pescadores Santiago Apóstol de Celeiro).

No ámbito dos investigadores e a Universidade:

- Manuel Jordán Rodríguez. Director. Departamento de Economía Aplicada. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago de Compostela.
- Alberto de Coo Martín. Centro de Investigacións Mariñas. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- María Aranzazu Otero Martínez (Instituto Galego de Formación en Acuicultura, IGafa).
- José Luís Rodríguez Villanueva (Instituto Galego de Formación en Acuicultura, IGafa).
- Miguel Angel Lastres Couto (Instituto Galego de Formación en Acuicultura, IGafa).

No ámbito do cooperativismo:

- Manuel Pérez Losada. Xefe de Servizo; Servizo de Cooperativas e Economía Social. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia.
- Hixinio Mougán. Director Xerente (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, “AGACA”).
- Ramón C. Rodríguez Padín. Xerente (Federación de Cooperativas “Sinexia”).

5 Presentación da Información Recabada

Nas páxinas que seguen realizarase unha presentación das distintas opinións recollidas, ordenadas segundo os epígrafes que estruturaban o guieiro de entrevista, e estruturadas nos seguintes capítulos:

- Entrevistas realizadas a representantes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Entrevistas realizadas entre as cooperativas e outras entidades do sector do mar.
- Entrevistas realizadas a expertos: investigadores e membros da comunidade Universitaria; referentes no ámbito do cooperativismo galego.
- Síntese de ideas recollidas nas entrevistas realizadas.

6 Entrevistas realizadas a representantes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Visión global do sector do mar:

1. Factores de desenvolvemento do sector do mar: potencialidades, debilidades e retos que se deben formular.

Ao respecto de cáles son os factores identificados no discurso dos/das entrevistados/as cabe destacar as seguintes ideas forza:

- ◆ Dunha banda, fálase da calidade dos recursos que se extraen, así como da tradición existente de consumo de peixe en Galicia.
- ◆ Doutra banda, destácase o que se valora como unha importante vitalidade do sector, mesmo na busca de solucións ás diferentes crises vividas ate o de agora.
- ◆ Unha gran parte de entrevistados/as apuntan a potencialidade de diversificar produccions e cultivos; máis centralmente no sector da piscicultura *“A piscicultura ten moito potencial (...) Existe vontade empresarial para aumentar e diversificar os cultivos.”*
- ◆ Así mesmo, sinálase como potencialidade a normativización de todas as artes pesqueiras, así como as futuras axudas europeas ao sector, *“(...) no período 2007-2013ponse en funcionamento un novo Fondo Europeo de axudas ao sector pequeno, que vai traer melloras no ámbito galego, e que servirá para a mellora dos sistemas organizativos e de produción, así como á comercialización e desenvolvemento das explotacións(...).”*
- ◆ Por último, destacar as que, nalgúns casos, son identificadas como actividades emerxentes, que se entende teñen un potencial aínda por desenvolver. En concreto:

- A pesca artesanal.
- As actividades náuticas de lecer, en asociación aos servizos de mantemento, á construción de novas embarcacións de xeito tradicional e máis respectuoso co entorno (carpinteiría en madeira), así como ao turismo vencellado ao mar e á divulgación cultural sobre a pesca “(...) *como fontes de recursos económicos que non están inicialmente vinculadas a ningún grupo social, e que os pescadores poderían desenvolver (...)*”. “O sector en xeral será de menor dimensión numérica pero non en actividade e importancia económica”.

As persoas entrevistadas sinalaron, tamén, un conxunto de elementos que entendían como as debilidades centrais do sector:

- ◆ En moitos casos, sinálase como debilidade a falta dunha formación adecuada ás necesidades actuais do sector, así como a falta de visión empresarial das confrarías de pescadores “ (...) *existe unha visión non empresarial por parte das confrarías de pescadores, falta de visión xerencial profesional, o que provoca uns costes que asume a Administración Autonómica (...)*”.
- ◆ Existe, así mesmo, unha preocupación ao respecto do medio ambiente; que incide na necesidade de compaxinar os labores extractivos coa conservación do entorno; neste senso apuntase ao preocupante deterioro do medio natural debido á excesiva explotación dos recursos, así como ao aumento da contaminación no entorno mariño; percibida, de xeito máis acusado na última década.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ Na mesma liña se valora a problemática ambiental relacionada coa localización das instalacións de acuicultura e o impacto que producen no entorno onde son ubicadas.
- ◆ Outra das debilidades identificadas fai referencia ao progresivo abandono da actividade no sector “(...) *abandono do sector, que leva a busca de traballadores fóra de Galicia (...)*”, asociado, entre outras cuestións:
 - Á necesidade de mellorar as condicións laborais en moitos ámbitos, “*inexistencia da figura do convenio colectivo que garanta unhas condicións laborais e retributivas*”.
 - Ao “*sistema de comercialización baseado na subasta, fomentando o poder dos comercializadores, a pesar de que a normativa permite celebrar contratos de abastecemento e fixar prezos (...)*”.
 - Á caída da demanda das conservas marisqueiras xunto coas variacións da explotación do recurso.

A partir da identificación de potencialidades e debilidades realizada, os/as entrevistados/as procederon a definir unha serie de retos concretos que deba afrontar o sector cara ao seu desenvolvemento futuro. En síntese, o discurso recollido aposta por tres liñas estratéxicas:

- ◆ Maior profesionalización do sector, proporcionando unha formación específica adecuada e adaptada aos requerimentos actuais e aos cambios necesarios na súa organización “*mellorando as estruturas organizativas de forma que se permita dar unha visión empresarial e comercial na actividade pesqueira*”.

- ◆ Fomento da incorporación dos/das produtores/as aos procesos de comercialización: *“mellorar na comercialización dos produtos pesqueiros de forma que beneficio redunde nos produtores (...) entrando estes a formar parte da cadea de comercialización (...)”*.
- ◆ Aumento e diversificación dos cultivos, atendendo á protección do entorno desde unha menor presión extractiva: *“buscando mecanismos de solución aos temas ambientais e á sobreexplotación (...) busca de alternativas que permitan reducir a presión sobre os recursos, e por outra banda, incrementar o nivel de ingresos das persoas do sector, garantindo que as políticas sostibles se desenvolvan”*. Semella necesario *“invertir a situación de deterioro ambiental e dos recursos mediante políticas que permitan a recuperación e posterior sostibilidade”*.

Visión do cooperativismo no sector:

2. **Papel que pode xogar a fórmula cooperativa no desenvolvemento do sector.**
3. **¿Considera que as cooperativas do mar xogan un papel importante á hora de xerar valor engadido, renda, emprego ou de incidir no prezo, estabilidade e regulación dos mercados?**

En liñas xerais, a fórmula cooperativa é valorada dun xeito moi positivo, asentándose centralmente esta perspectiva en tres liñas argumentais básicas, que podemos resumir do seguinte xeito:

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ Na consideración de que constitúe un motor de desenvolvemento para o sector e, mai sen concreto, unha fórmula que pode contribuír moi centralmente á consecución dos restos referidos no epígrafe anterior.
- ◆ Na consideración de que a súa natureza empresarial fai que a empresa cooperativa sexa próxima aos valores e ás prácticas societarias presentes no sector: *“dada a natureza das cooperativas e do seu funcionamento, o cooperativismo axustase moi ben á tradición organizativa do sector”*.
- ◆ Na liña do anterior, na consideración de que a natureza empresarial e societaria das cooperativas as fai especialmente acaídas como fórmula de emprendemento cara ao autoemprego no sector.

Afondando nesta liña de valoración, solicitábase dos/das informantes que valorasen en qué medida o cooperativismo podería contribuír á xeración de valor engadido, renda e emprego no sector, e incidir no prezo, estabilidade e regulación dos mercados. As respostas recollidas inciden en que isto é posible na medida en que as cooperativas do mar:

- ◆ Contribúan a xerar valor engadido aos produtos. Cítase, por exemplo, que *“no caso do marisqueo si que pode xerar valor engadido, porque ti vas realizar a actividade de comercialización, e a transformación do produto. As agrupacións non poden transformar nin comercializar”*.

- ◆ Favorezan, deste xeito, que os produtores podan entrar no campo da comercialización evitando “aos intermediarios”; *“coa cooperativa evitas un dos pasos da comercialización xerando valor engadido e ao mesmo tempo emprego”*.
- ◆ E favorezan, nesta liña, que os produtores teñan unha maior capacidade para participar na regulación dos mercados, *“as cooperativas farían menos fluctuantes os mercados e reducirían os custos para os asociados. Ao comercializar moito poderían darlle valor engadido ao produto...incluso transformalo”*.

4. Valoración das cooperativas como fórmula empresarial. Vantaxes ou desvantaxes no mundo do mar.

Unha vez situadas as imaxes recollidas nestas entrevistas ao respecto do papel do cooperativismo no desenvolvemento do sector, ten interese afondar neste imaxinario, coñecendo cál é a valoración que realizan os informantes ao respecto das cooperativas en tanto que fórmula empresarial e organizativa.

Así, e ao respecto do que se considera poden ser as vantaxes cooperativas do cooperativismo fronte outros modelos:

- ◆ Destácase, en esencia, a natureza democrática e participativa, que integra nun marco horizontal ao conxunto de socios/as, así como a posibilidade da existencia de socios colaboradores; *“As ventaxes da fórmula cooperativa radican en que todas as partes estarían implicadas no mesmo grao de participación e corresponsabilidade, situación que non se está a dar no sector pesqueiro (...)”*.

No canto de valorar cáles poden ser as desvantaxes que afronta a posta en marcha de empresas cooperativas, os/as informantes inciden, fundamentalmente, en dúas cuestións:

- ◆ Dunha banda, considérase que existe un descoñecemento e unha desconfianza moi estendida cara este tipo de empresas; o que pode frear o emprendemento, incidir en que se aposte por outro tipo de empresas ou lastrar, desde un principio, o futuro das cooperativas. Esta situación derivaría, fundamentalmente, da resonancia que tiveron as experiencias fracasadas no sector; *“(...) moitas cooperativas foron a pique, (...) en Lira montáronse cooperativas noutros sectores coma o textil que foron mal, co cal as experiencias como referentes son bastante negativas. Hai que loitar contra esa historia. Unha experiencia positiva ao mesmo tempo animaría ao resto das persoas do sector”*.
 - Este descoñecemento incide directamente en que exista unha escasa información das vantaxes que pode ofrecer a fórmula cooperativa; unha realidade que afecta, por exemplo, ao ámbito da pesca de baixura; *“No sector é complicado crear cooperativas, o que recollen o gañan e non hai que reservar diñeiro para outras tarefas coma no campo. O produto pode venderse sen problema, non como os produtos agrarios, máis suxeitos á fluctuación dos mercados e con marxe máis baixas”*.
- ◆ Doutra banda, apúntase ao individualismo que, desde moitas opinións, caracteriza ao sector, como un factor que pode lastrar moi directamente a implantación e o desenvolvemento axeitado de iniciativas de empresa cooperativa.

5. Causas polas que as cooperativas teñen escasa presenza no mundo do mar. Imaxe das cooperativas no sector.

Enténdese, en síntese, que a pouca presenza das cooperativas no mundo do mar pode explicarse, en gran medida:

- ◆ Pola propia cultura do sector e, nomeadamente, o seu individualismo. Un individualismo que *“dificulta as cousas; e a falta de organizacións con interese económico que non facilita a evolución”*; *“No sector hai unha perspectiva moi tradicional da súa actividade”*.
- ◆ Polo peso das confrarías na organización do sector, e a súa falta de evolución e adaptación ás necesidades emerxentes ; *“a realidade social do sector frea o desenvolvemento do modelo cooperativo. As confrarías levan moitos anos e é un modelo anticuado, que non facilita o desenvolvemento doutras experiencias asociativas; teñen un sistema xerarquizado e moi politizado e isto frea o modelo cooperativista onde todos os membros participan e teñen maior representatividade. Moita xente crea personalismos nas cúpulas de decisión das confrarías, e isto fai que se cren problemas no sector.”*
- ◆ Afondando nesta cuestión, pola constatación dun certo afastamento entre as confrarías e as cooperativas, na medida en que *“o recelo das confrarías cara ao cooperativismo radica no feito de que as cooperativas son a fórmula adoptada por algúns colectivos cando están en desacordo coas decisións das confrarías”*.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ Polo escaso desenvolvemento que tivo, na práctica, a fórmula cooperativa como referente para o sector; *“nas sucesivas leis de pesca e marisqueo aparece a fórmula cooperativa como unha fórmula de referencia, pero na práctica non se desenvolveu (...) a cooperativa foi a fórmula dos grandes armadores e das industrias pesqueiras importantes polo tanto a fórmula dos “contrincantes” dos pequenos pescadores”*; *“A normativa sobre cooperativas encaixa dificilmente no sistema organizativo e legal que hai na Administración Pesqueira Galega.”*
- ◆ E, asociadamente ao anterior, pola existencia, en maior ou menor medida, dunha mala imaxe do cooperativismo; en moitos casos debida *“ao descoñecemento das persoas do sector. Nos lugares onde houbo unha cooperativa e fracasou, quedou a imaxe do fracaso, polo que é preferible non facer nada que facelo mal. (...) hai que facer cooperativas que sexan referentes”*.

6. Subsectores do mar nos que hai máis posibilidades para o desenvolvemento da fórmula cooperativa.

A partir das reflexións formuladas ate o de agora, solicitábase aos/ás entrevistados/as que identificasen cáles eran, ao seu entender, os subsectores con maior potencialidade para o desenvolvemento de iniciativas empresariais baixo a fórmula cooperativa. Neste sentido, apúntanse:

- ◆ Que as cooperativas son especialmente viables naqueles ámbitos de actividade *“que impliquen servizos de pesca: redeiras/os , servizos ás embarcacións, pesca/lecer; (así como) a incorporación de valor engadido, comercialización e incorporación do pequeno procesado”*.

- ◆ Que nos ámbitos do marisqueo, da pesca de baixura, e das redeiras existen condicións moi favorables a este tipo de empresas: *“No marisqueo e nas redeiras é onde mellor pode encaixar o cooperativismo. No sector da pesca tamén se pode. Neste último caso tiráse moito das comunidades de bens”. “A fórmula cooperativa adaptase moi ben no sector marisqueiro por tratarse de traballadores/as autónomos, cada un conta co seu permiso de explotación, (...) a única barreira sería o espazo físico, habería que dar un pequeno paso organizativo para constituír cooperativas”.*
- ◆ Que nos sectores máis industrializados a fórmula cooperativa será máis difícil de implantar *“(...) nos industrializados como a acuicultura sería máis difícil”.*

Percepción sobre a realidade organizativa do sector cooperativista:

7. Aspectos organizativos, tanto positivos como negativos, que teñen incidencia sobre a actividade e xestión empresarial das cooperativas do mar.

En xeral, valórase moi favorablemente a natureza societaria da empresa cooperativa, en tanto que permite unha maior apertura e capacidade de integración dos axentes sectoriais nun proxecto conxunto.

Ao respecto dos aspectos positivos, as opinións recollidas destacan, en síntese:

- ◆ A posibilidade da fórmula cooperativa para integrar aos axentes sectoriais, independentemente da súa dimensión e natureza organizativa: *“a posibilidade de integrar dentro da cooperativa ás organizacións que funcionan no sector”*.
- ◆ A natureza empresarial das cooperativas, na medida en que se asenta nun principio de intercooperación entre persoas e fomenta unha maior corresponsabilización e integración cos seus obxectivos persoais e empresariais: *“o control das persoas, e non do capital”; “permitindo a implicación directa na trazabilidade e identificación do produto coa cooperativa”*.
- ◆ A horizontalidade e funcionamento democrático inherente a súa xestión, o que ven a garantir, na medida en que se desenvolva, o anterior: *a igualdade na toma das decisións*”. *“Todos asumen responsabilidades de forma conxunta, tomas de decisións conxuntas”*.

No que toca aos aspectos que se valoran como máis negativos, reitéranse, en esencia, algunhas das cuestións apuntadas en anteriores páxinas; mala imaxe, actitudes individualistas, falta de cultura cooperativista, etc.

8. As cooperativas son unha fórmula organizativa baseada nos valores de participación, solidariedade, compromiso e democracia. ¿Considera que estes valores se reflicten no funcionamento actual das cooperativas do mar?

En esencia, a percepción das persoas entrevistadas no ámbito da Administración Autonómica destaca:

- ◆ Que os valores que se asocian á fórmula do cooperativismo non se están a reflectir na actualidade cooperativista do mar, *“non se están a reflectir demasiado, xa que o día a día fai que se centren nuns aspectos determinados, o que non quere dicir que no futuro (non) existan”*.
- ◆ Establécese, non obstante, a existencia de diferenzas a este respecto segundo cal sexa o ámbito de actividade que se tome como referencia. Así, *“no ámbito pesqueiro as cooperativas teñen unha escasa implicación (...) o funcionamento é distinto para as cooperativas de base: máis democrático e participativo, que para as de armadores: no que a participación non é da colectividade do sector”*.
- ◆ Na mesma liña, dáse conta da existencia dunha serie de exemplos de boas prácticas cooperativas no mar, ás que a maior parte dos entrevistados fan referencia. Que serían:
 - Loitamar (acuicultura) como exemplo de diversificación e busca de saídas alternativas.
 - Abanqueiro (marisqueo) como exemplo de xestión eficiente sen pertencer a unha confraría.
 - Mulleres de Lira (ourizo) como exemplo de valor engadido a un novo produto, sen intermediarios.

Relación entre as cooperativas e o seu entorno sectorial e administrativo:

9. **¿En que medida a tradición organizativa (confrarías e asociacións) e normativa do sector (PERMEX, licencias...) afecta ao desenvolvemento cooperativo?**

O conxunto de opinións recollidas incide en maior medida no predomínio dunha cultura de excesiva dependencia do ámbito Público, así como nunha demanda de maior adaptación do marco administrativo e normativo ás necesidades e requerimentos do sector.

- ◆ Así, algunhas das opinións recollidas priorizan ao considerar que o problema principal non é tanto de normativa como de cualificación e información: *“(a normativa) non limita, pero si a falta de información (...) Sería necesario profesionalizar máis ás confrarías e potenciar a xestión privada nese espazo”*.
- ◆ É neste sentido que se entende que existe unha cultura que outorga un peso excesivo ao plano Público; expresada, especialmente, na dependencia ao respecto das subvencións; *“en xeral a tendencia ten que ser á autonomía e non dependencia de axudas e subvencións, neste senso as confrarías deberían evolucionar”*.
- ◆ Aínda así, en canto as valoracións son referidas ao marco administrativo e normativo, argumentase:
 - Que é necesaria unha certa actualización do mapa de concesións cara unha maior racionalización da explotación do espazo e os recursos: *“unha revisión dos estados das concesións por parte das Administracións, espazo explotado e o que está sen explotar”*.
 - Que é necesario unha redución do peso da burocracia no relativo aos procedementos de concesión das licencias: *“hai unha excesiva normativización que produce problemas, limita actividades e xera estancamento, reducindo os ingresos e provocando conflitos”*.

- Que é necesario que as Administracións favorezan a diversificación de actividades desde o réxime de cotizacións: *“habería que buscar a compatibilidade entre o Réxime do Mar e o Réxime Xeral, fundamental para a cobertura”*.

10. Modelo de relación aconsellable entre as cooperativas e as confrarías. ¿Cal sería o papel de cada unha delas?

A opinión xeralizada incide na necesidade de que as confrarías e as cooperativas desenvolvan un modelo de traballo conxunto, no que podan explotar as complementariedades que comparten, a partir dunha mellor delimitación das súas funcións.

Sintetizando as ideas forza ao respecto, cabe destacar:

- ◆ A imaxe da complementariedade entre as cooperativas e as confrarías: *“As confrarías e as cooperativas deberían ser compatibles e traballar conxuntamente”*.
- ◆ A necesidade de buscar fórmulas que fagan visible esta complementariedade para o sector: *“modelos que poderían contar coas cooperativas, como a de Abanqueiro, que favorecera ao desenvolvemento do sector, de cara ao mantemento nun futuro. Este modelo, que traballa con criterios de xestión ten unha alta rendabilidade”*.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ A imaxe de que, neste escenario de complementariedade, o cooperativismo incorpora unha óptica empresarial á xestión dos recursos mariños: *“Sería necesario delimitar funcións: unhas adicadas á parte social, e outras á empresarial”*. *“As cooperativas poderían ser a fórmula utilizada polas confrarías para poñer en funcionamento determinados proxectos económicos do sector, o que aportaría máis capacidade e axilidade.”*; *“A cooperativa é unha forma de dárlle saída ás inqedanzas empresariais. Hai un caso onde a confraría é un socio máis da cooperativa, o cal é perfectamente compatible”*.
- ◆ O feito de que a viabilidade destas fórmulas dependa, en gran parte, dun cambio de cultura organizativa no ámbito das confrarías; asociado á busca de elementos de innovación e desenvolvemento: *“o cambio ten que darse nas confrarías, non é necesario que desaparezan xa que son un sistema de organización moi válido, o fundamental é o funcionamento, o feito de que non teñan un sistema empresarial supón un problema”*.
- ◆ O feito de que, en moitos casos, pártese dunha situación de certo antagonismo ou, incluso, de conflito: *“actualmente a relación é complexa porque son organizacións que entran en clara competencia, nun ámbito de conflito e de discrepancia”*.
- ◆ A imaxe de que o ámbito Público pode favorecer moi centralmente unha maior vertebración sectorial, na que se inclúe a complementariedade entre as cooperativas e as confrarías: *“As administracións deberían integrar ás organizacións existentes, rompendo a exclusividade, con niveis de responsabilidade e de acceso á inversión pública igualitarios”*.

11. ¿Que clase de actuacións da Administración son máis necesarias para apoiar un desenvolvemento cooperativo no mundo do mar?

Ao respecto de cáles son, en opinión dos axentes entrevistados, as actuacións máis necesarias por parte da Administración para apoiar o desenvolvemento cooperativo no mar, apúntanse as seguintes cuestións:

- ◆ O achegamento de maiores niveis de información, formación, e promoción do cooperativismo no sector. *“Apoio a romper os prexuízos sobre o cooperativismo, dar información, apoio institucional, formación, o que foi unha das grandes eivas que experimentou o cooperativismo no sector”. “É necesaria unha aposta decidida por programas de formación específicos orientados ao sector.”*
- ◆ Máis en concreto, a implementación de procesos de acompañamento á posta en marcha das iniciativas de emprendemento cooperativo: *“Tamén sería necesario apoiar e solucionar os problemas de arranque das cooperativas”. “Falta unha política de fomento cooperativismo no mar (...) os propios funcionarios descoñecen o mundo cooperativo, así como no caso do persoal que traballa nas confrarías.”*
- ◆ E a divulgación, por parte da administración, de exemplos de boas prácticas existentes no sector, coa finalidade de dalas a coñecer como referencias tanto no ámbito do mar como no da propia Administración: *“a Administración debería utilizar aos pioneiros e facer difusión da súa experiencia persoal ao resto do sector, (...) a formación un pouco máis técnica pode ir detrás.”*

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ É neste mesmo sentido que se recomenda favorecer unha maior participación do cooperativismo do mar na elaboración da nova Lei de Pesca, coma un xeito de contribuír á súa posta en valor fronte aos restantes axentes sectoriais e Públicos.

Peches da entrevista:

12. Elementos clave que se deben ter en conta especialmente á hora de desenvolver proxectos cooperativos neste sector.

As ideas recollidas neste punto resumen, en certa medida, o conxunto de perspectivas que veñen a ser expresadas nas anteriores páxinas. Así, recoméndase:

- ◆ Aportar información, formación e apoio para o desenvolvemento de proxectos cooperativos no sector.
- ◆ Promover a visibilización de experiencias cooperativas de referencia para o conxunto do sector: *“Para o desenvolvemento do cooperativismo sería clave que os propios mariñeiros vexan que é un modelo que deben utilizar (...), ver que os seus órganos van contar coas súas aportacións á hora de decidir. (...) Teñen que ver que a nivel económico a cooperativa lles vai producir un gran beneficio económico (...).”*
- ◆ Buscar axentes que sirvan de interlocutores entre o ámbito do cooperativismo do mar e o conxunto do sector e a Administración, promovendo a súa coordinación.

- ◆ Implementar axudas que non teñan un carácter exclusivamente económico, senón que se orienten ao desenvolvemento de procesos de titorización e apoio á xestión dos proxectos que se poñan en marcha para a activación de cooperativas; de xeito que se garanta a máxima estabilidade deste tipo de iniciativas: “(...) *os novos intentos de organización deben ser baseados nun proceso de inversión organizativa. Debense crear organizacións o máis solidas posibles para que poidan subsistir*”.

7 Entrevistas realizadas entre as cooperativas e outras entidades do sector

Visión global do sector do mar:

1. Factores de desenvolvemento do sector do mar: potencialidades, debilidades e retos que se deben formular.

Potencialidades:

De entrada, hai que destacar que a práctica totalidade dos entrevistados expresa a percepción dunha serie de potenciais de desenvolvemento futuro; que se derivan dun produto recoñecido, dun capital humano e dunha estrutura organizativa.

Detallando as ideas recollidas, cabe destacar:

- ◆ Ao respecto do produto:
 - A existencia dun recoñecemento da súa calidade, o que lle confire unha clara competitividade, e unha demanda visible no mercado; tamén a escala internacional. Nesta valoración coincide o conxunto dos/das entrevistados/as. Citando como exemplo o ámbito da acuicultura “*hai capacidade, hai mercado e hai nome de acuicultura en Galicia*”.
 - A credibilidade da imaxe artesanal do produto, e a súa asociación con valores de respecto ao entorno.
 - O potencial do ecosistema no relacionado coa súa biodiversidade e produtividade, e as posibilidades que abre aos diversos campos de actividade no ámbito do mar.

- ◆ Ao respecto do capital humano e a estrutura sectorial, salientase:
 - A súa profesionalidade; directamente ligada a unha tradición e á proximidade vital de moitos profesionais ao mar.
 - O peso social do sector; ligado, entre outras cousas, a súa “tradición” no ámbito galego. Cítase como exemplo o sector mexilloeiro, en canto á busca de figuras organizativas propias: *“o sector do mexillón sempre foi referente en canto á estrutura organizativa”*.
 - E, segundo algunhas opinións, os cambios na lexislación referidos á primeira comercialización dos produtos pesqueiros frescos, que abre a posibilidade de venta sen a obrigatoriedade da poxa.

Debilidades:

Non por isto deixan os/as entrevistados/as de identificar un conxunto amplo de debilidades que están a lastrar actualmente o desenvolvemento do sector; algunhas das cales entran, incluso, en contradición coas imaxes identificadas anteriormente.

Sintetizando, identifícanse as seguintes cuestións:

- ◆ En primeiro lugar, fálase dunha situación de perda de relevancia, dispersión, e localismo, así como dunha falta de iniciativa e capacidade de dar unha resposta rápida aos retos que enfronta o sector.

- ◆ Unha segunda debilidade sería a escasa participación do sector na comercialización e no aproveitamento do valor engadido.
 - Este feito derivaría, moi centralmente, de que a comercialización do produto esta nas mans dunha rede de intermediarios: *“non hai costume de ser empresa para comercializar, os cartos van para os intermediarios, a comercialización está en mans dos depuradores”*; *“o tema comercial é clave, o pescador preocupouse por producir e isto produciu que se vira contra del , xa que os que levaban o froito do seu traballo son os minoristas e maioristas”*. Salientándose que existe unha dinámica especulativa cos produtos asociada a esta realidade.
 - Algúns entrevistados vinculan ao tema anterior o feito de que no mercado se comercialice produto foráneo baixo a “etiqueta” de galego; o que incide negativamente nos prezos que se pagan ao produtor galego, que non están en relación coa calidade do que vende, así como na imaxe do produto galego; *“hai marisco que vén de fóra, depúrase aquí e pasa como galego”*.
 - Na medida en que se entende necesario dar resposta a un mercado cada vez máis esixente, desde o ámbito das confrarías recóllense algunhas consideracións que salientan que a partir dos recursos e procesos actuais de traballo pode darse, ás veces, unha dificultade para dar resposta ás demandas do mercado: *“a flota é artesanal, e nas condicións do mar é difícil cumprir as veces os acordos de ventas”*; *“o mercado pide unha continuidade, e iste é un dos problemas que hai”*.

- Tamén desde o ámbito das confrarías, destácase a incidencia dunha problemática de sobreexplotación que, ao longo, incide negativamente sobre a produción e a resposta que se dá ao mercado; por canto sería consecuencia, en gran medida, da incapacidade para incrementar o valor dos seus produtos no mercado; *“para compensar os baixos ingresos ao vender, péscase de máis (...) o mariñeiro é moi conservador, prefire castigar o mar que afrontar o reto da comercialización (...) ten que haber unha labor de sensibilización para que pesquen e vendan eles mesmos, porque se pescan o xusto e venden ben, o recurso está garantido para o futuro”*.
- ◆ Unha terceira debilidade sería a falla de iniciativa e dunha dependencia das axudas Públicas.
 - Deste xeito, enténdese necesaria unha maior incorporación de innovación tecnolóxica, así como de formación e información nas que asentar competitividade e capacidade de iniciativa. Citando como exemplo o ámbito da pesca, fálase de *“mellorar o tema formativo. Hai sectores da flota que utilizan formas de traballo moi antigas (...) nalgúns casos, reestruturar a flota (...) hai que formalos (a algúns) no idioma, profesionalidade (...) hai que cambiar procesos, aínda que na pesca hai medidas novas tecnoloxías”*.
 - Esta realidade viría asociada ao que se considera un rasgo fundamental do sector: o individualismo e a falta dunha cultura de cooperación: *“estamos nun punto no que se atopan problemas (...) individualismo (...) non se comparten os principios cooperativos, aínda que, en certa medida, eses principios se dean nas confrarías”*.

- Este individualismo motivaría a dificultade para acadar, nun plano xeral, a vertebración sectorial e, nun plano máis específico, a concreción de proxectos de iniciativa empresarial; e, nomeadamente, cooperativa.
- ◆ Unha cuarta debilidade sería o efecto negativo sobre o recurso e a súa comercialización do que en moitos casos se identifica como un problema de contaminación.
 - A contaminación, e outros conflitos que se están a vivir no sector, terían vinculación co que algúns entrevistados consideran como unha ordenación deficiente dun conxunto de prácticas e actividades moi diferenciadas (o marisqueo, a construción, o turismo, etc.) que conflúen nun mesmo espazo,: *“o feito de que non estea o mar departamentado par diferentes factores (...) imposibilita ou dificulta a extensión deste proxecto”*.
 - A preocupación pola situación do medio ambiente mariño, que identifica polo xeral problemas de contaminación, mareas vermellas, sobreexplotación e impacto das actividades no contorno, amplíase nalgunhas opinións con observacións ao impacto do cambio climático; ao dar conta de que comeza a percibirse unha maior mortalidade nalgunhas especies.
- ◆ Por último, dáse conta da existencia, segundo algúns/algunhas entrevistados/as, de debilidades asociadas a subsectores específicos:

- No caso, por exemplo, das redeiras a actividade aséntase nunha estrutura familiar; na que con moita frecuencia se viven “economías” débiles.
- A falta de expectativas de futuro e rendibilidade levarían, nalgúns ámbitos de actividade como o anterior, a un abandono progresivo do mesmo polos profesionais e á falta dun relevo xeracional.
- Visualízanse, en todo caso, niveis significativos de “*economía sumerxida*”.
- A falla nos niveis de cualificación e profesionalización provocaría, en ocasións, un incumprimento da normativa de seguridade laboral.
- Así como no ámbito das redeiras dase conta da existencia de intrusismo profesional, na actividade marisqueira rexístrase unha incidencia negativa do furtivismo; provocándose, deste xeito, unha baixada dos prezos no mercado. Intrusismo e furtivismo son considerados, por regra xeral, como un fenómeno que ven afectando tradicionalmente a este tipo de subsectores, ao tempo que se pon en dúbida a efectividade controladora da Administración.
- Exemplificado no marisqueo ou na acuicultura, dáse conta de que o espazo potencial para dedicar á explotación está restrinxido, polo que resulta dificultoso aumentar a superficie ou poñer en marcha proxectos por parte de novas entidades de xestión; “*pouca superficie, é imposible que unha persoa poida vivir só do marisqueo a flote*”.

- No que toca á pesca, salientase a dinámica de abandono de caladoiros e a redución gradual da flota, nun contexto de dificultade para negociar con terceiros países cotas e accesos a caladoiros; neste escenario, destácase o efecto dunha dificultade crecente para atopar tripulacións.

Retos de futuro:

Na liña do exposto ate o momento, os entrevistados abordan tamén a identificación de retos e prioridades de acción cara ao futuro. Así, os aspectos destacados foron:

- ◆ Definir un marco normativo e administrativo axeitado ás necesidades actuais do sector.
- ◆ Apostar por un mellor ordenamento do sector: delimitando zonas para as diferentes actividades de explotación.
- ◆ Reforzar a protección dos recursos, de cara a unha explotación desde criterios de sostenibilidade, que reforce a mellor compatibilidade entre as distintas actividades que se localizan no mesmo ecosistema.
- ◆ Promover un cambio nas actitudes no sector; rompendo coa consciencia de que “*canto máis traías para terra, mellor, máis gañas*”. Neste sentido, destácase a potencialidade aglutinadora e organizadora do modelo cooperativo.
- ◆ Procurar o incremento dos niveis de rendibilidade das actividades ao tempo que a iniciativa e o espírito emprendedor; buscando unha menor dependencia dos recursos Públicos (subvencións, etc.).

- ◆ Reforzar os factores que melloren a competitividade do sector fronte á competencia dos produtos doutros países.
- ◆ Apostar por unha tipificación e identificación dos produtos do mar en Galicia, desenvolvendo proxectos que incidan na trazabilidade dos mesmos.
- ◆ Promover unha maior presenza directa do sector no ámbito da comercialización. Para o que é necesario afondar en estratexias de recoñecemento da calidade, apostando por unha dinámica de eliminación de intermediarios.
- ◆ Promover unha maior diversificación da actividade, apostando especialmente polo desenvolvemento de proxectos e iniciativas de innovación.
- ◆ Na liña da diversificación, incorporar actividades vinculadas, por exemplo, aos potenciais turísticos do sector; destacándose que o Fondo Europeo de Pesca apunta a apoiar este tipo de iniciativas.
- ◆ Complementariamente, eliminar as trabas administrativas que supoñen, actualmente, un obstáculo ao desenvolvemento de iniciativas desta natureza; e que entran en contradicción co apoio que vén manifestando a Administración ás mesmas.
- ◆ Reforzar a cualificación e capacitación dos traballadores e profesionais inscritos no sector.
- ◆ Poñer unha especial énfase na eliminación das prácticas de intrusismo profesional e de furtivismo.
- ◆ Fomento de prácticas que reforcen o nivel de vertebración e asociacionismo no sector.
- ◆ Ao respecto de propostas concretas que dan resposta a retos específicos para determinados subsectores do mar, cabe destacar:

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Para a realidade actual da pesca, enfatízase a necesidade de renovación das flotas e as infraestruturas.
- Para o caso da pesca de baixura, dáse conta da necesidade de manter unha capacidade sostida de entrega da mercadoría; para o que, nalgúns casos, propónse a necesidade de ter unha distribuidora ou unha central de vendas.
- Para o ámbito das redeiras, enfatízase o reto do relevo xeracional, e a necesidade de garantir que se ensina “*axeitadamente a profesión*”.
- Para o caso do marisqueo, salientase a necesidade de apoiar a creación de instalacións de preengorde de moluscos.

Visión do cooperativismo no sector:

2. Papel que pode xogar a fórmula cooperativa no desenvolvemento do sector.

O discurso recollido nas entrevistas sitúa ao cooperativismo, polo xeral, como un modelo de interese para o sector; na medida en que pode facilitarlle unha vía de desenvolvemento empresarial que resulta moi accesible a súa estrutura organizativa e aos seus condicionantes socioeconómicos actuais.

Neste sentido, destacar as seguintes ideas clave:

- ◆ A fórmula cooperativa achega ao sector unha vía de desenvolvemento cun modelo empresarial adaptado á realidade e retos que afronta actualmente: *“a cooperativa é a mellor fórmula para traballar e recoller e sementar”*; *“no sector de baixura é a modalidade que máis se pode adaptar ao medio (...) un factor (de competitividade no mercado) e ter capacidade de entrega de mercadoría”*.
- ◆ As empresas cooperativas poden aportar ao sector un sistema de traballo máis racionalizado, baseado na integración nun marco de corresponsabilización e horizontalidade; *“forma idónea de poñer en común o traballo e os intereses, para dar servizos e cambiar a calidade de vida da xente, reducindo horarios de traballo, por ter quen se encargue das distintas etapas do proceso extractivo e de venta (...) fórmula que permite ter servizos propios”*.
- ◆ O cooperativismo contribuiría, afírmase en casos máis concretos, a superar as limitacións que entenden afectan á fórmula das confrarías: *“as confrarías teñen un sistema moi anticuado”*; aportando un elemento de complementariedade *“por ser empresas participadas por todos os seus socios; ademáis, a fórmula de confrarías ten un impedimento en canto ao desenvolvemento empresarial, polo tanto (...) poden ser complementarias”*.
- ◆ O cooperativismo achega, para algúns, unha vía para competir *“co intermediario”* no campo da comercialización; contribuíndo, deste xeito, a un maior aproveitamento do valor engadido e á consecución de maiores niveis de renda; *“a vantaxe é que podes facer unha comercialización directa e levar o teu produto, por exemplo, á restauración (mellorando a garantía de calidade), outra vantaxe (...) potenciar o produto fora do que é a comunidade”*.

- ◆ As cooperativas poden favorecer a agrupación nun escenario de partida caracterizado pola falta de organización e cultura de cooperación, para ter maiores posibilidades de mellora da calidade de vida. Así se entende desde o ámbito das redeiras; *“ter un salario decente. Hai moita economía sumerxida que debería saír a flote”*.

3. ¿Considera que as cooperativas do mar xogan un papel importante á hora de xerar valor engadido, renda, emprego ou de incidir no prezo, estabilidade e regulación dos mercados?

Entre os que manifestan o seu total acordo con esta imaxe, incídese novamente na capacidade do modelo cooperativo para:

- ◆ Incorporar aos produtores no plano da comercialización, *“na medida en que van eliminando ao intermediario”*.
- ◆ Favorecer unha redistribución máis equilibrada dos recursos e da rendibilidade: *“facendo unha cadea de beneficios”*; *“a única forma de distribuír o valor engadido é o cooperativismo (...) revertiría o beneficio nos produtores”*.
- ◆ Favorecer, asociadamente ao anterior, unha explotación máis racional dos recursos, o que *“proporciona estabilidade ao sector”*.
- ◆ Contribuír á innovación do sector: *“casi todas as investigacións punteiras fixéronse nas cooperativas; estas son o I+D do sector”*.
- ◆ Contribuír a unha mellor imaxe e autopercepción interna no sector, *“ao incidir na calidade de vida, unha das maiores carencias nalgún subsector da pesca”*.

Entre os que manifestan as súas dúbidas ao respecto, incídese:

- ◆ En que non está tan clara a rendibilidade de que os produtores se introduzan na comercialización, dado que *“vendendo a un transformador ten maior liquidez e corre menos riscos (...) menores custes”*; *“non se ten claro que por estar os produtores no mercado, as cousas vaian estar mellor, xa que hai moita competencia entre (as organizacións de) bateiros”*.
- ◆ En que non está tan clara a posibilidade das cooperativas para promover un aumento das rendas e do emprego no ámbito do mar, debido a que *“o cooperativismo non pode asegurar o establecemento de prezos”*.

4. Valoración das cooperativas como fórmula empresarial. Vantaxes ou desvantaxes no mundo do mar.

Unha vez detallada a identificación das potencialidades que os/as entrevistados/as atribúen ao cooperativismo no sector do mar, ten interese coñecer cáles son as perspectivas desde as que valoran a natureza organizativa deste tipo de empresas.

Vantaxes:

A grandes rasgos, ao falar das vantaxes asociadas á fórmula, destácase:

- ◆ Unha primeira vantaxe sería o carácter horizontal e democrático; entendéndose que este carácter conecta coas tradicións máis sinérxicas do sector, e marca unha diferenza co que se entende como unha posibilidade de participación máis restrinxida no ámbito das confrarías: *“positivo, por ser empresas participadas por todos os seus socios”; “positiva, porque é un órgano democrático (...) o voto das persoas ten unha representación máis importante que nas confrarías”*.
- ◆ Unha segunda vantaxe sería a capacidade de integrar ao sector nun obxectivo de mellora laboral e profesional.
 - Ao contribuír á posta en valor da práctica profesional, en ámbitos cláramente necesitados dun esforzo nesta liña, como o das redeiras: *“(ao contribuír a) eliminar ilegais e traballar dignamente (...) poder ter uns prezos dignos, competitivos”*.
 - Ao reforzar que, especialmente en determinados subsectores, se poda afrontar unha comercialización directa dos seus produtos, aportando unha maior garantía de calidade: *“podes facer unha comercialización directa, e levar o teu produto, por exemplo, á restauración (outra vantaxe) potencializar o teu produto fóra da Comunidade”*.
 - Ao favorecer unha racionalización do traballo e unha mellora das condicións laborais, asociada á integración dos intereses nun marco coordinado, ao achegamento de servizos e, en definitiva, a un cambio *“da calidade de vida da xente”*.

- ◆ Outra vantaxe derivaría do feito de que as cooperativas aportan unha imaxe e unha credibilidade asociada a valores claramente demandados polo mercado: *“ao ser cooperativa tes máis facilidades para producir produtos de xeito ecolóxico, o que é importante hoxe en día (...) é máis crible que se o fai unha fórmula industrial”*.
- ◆ Unha cuarta vantaxe asentaríaase no interese que ten o cooperativismo, enfatízase nalgúns opinións, como fórmula empresarial para aqueles subsectores nos que a base social é moi ampla, e existe unha forte presenza de man de obra con escasa capacidade de capitalización; *“nestes sectores (...) hai que adoptar fórmulas vencelladas á economía social (...) o cooperativismo aportaría unha grande redistribución de renda, pero á vez ten que haber unha necesaria acumulación de capital, porque é a única forma de dinamizar ao sector”*.

Desvantaxes:

Doutra banda, ao falar das desvantaxes asociadas á fórmula cooperativa, incídese, novamente:

- ◆ Na falta de iniciativa, de mentalidade cooperativa e, en definitiva, de falta *“de disposición a asociarse”* existente, polo xeral, no sector; especialmente naqueles ámbitos de actividade con pouca ou ningunha cultura empresarial e asociativa.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ Na incidencia negativa que pode ter a falta de mentalidade empresarial; a non asunción das esixencias asociadas a calquera cooperativa como empresa; *“a cooperativa é unha figura empresarial, aínda que algunhas persoas teñen o pensamento de que a cooperativa é a nai que arroupa aos fillos, ou ONG, e non é iso, é unha empresa máis...hai que rexerse polos cánones empresariais”*; *“tes que cotizar, tes que poñer fondos, é unha empresa”*.
- ◆ No escaso interese que podería ter o modelo cooperativo, segundo algún entrevistado, para iniciativas que non teñan unha natureza afín: *“nos casos en que non é unha cuestión claramente igualitaria no peso dos socios (...) se un grupo quere acceder a unha cooperativa non terán moito éxito, porque ao final dependen uns doutros”*.
- ◆ No efecto negativo da incertidume derivada de diversos condicionantes externos á propia empresa: *“falla o feito de que o produto dependa de factores esóxenos que non se poden controlar (...) hai grandes diferenzas na produción”*.
- ◆ Nas dificultades derivadas da desconfianza de moitas entidades financeiras a financiar calquera proxecto desta natureza; *“os bancos (...) son reacios, porque as experiencias existentes non son moi boas”*.

Entre aquelas voces que formulan un cuestionamento máis directo do cooperativismo, cabe destacar as seguintes ideas clave:

- ◆ Tampouco o sería, para outros, nos ámbitos do marisqueo e a acuicultura na medida en que a normativa formule trabas significativas a partir do sistema de concesións e autorizacións: *“tiña que cambiar a lexislación pesqueira, (a titularidade dos) PERMEX, (...) as licencias deberían agruparse...hai que agruparse, e hai que agrupar a cada profesional na súa rama”*.
- ◆ A fórmula cooperativa non é a máis interesante para aqueles/as informantes que restan importancia a súa natureza organizativa; así, desde o ámbito da acuicultura chega a formularse que *“a única vantaxe é a protección fiscal...os produtores o que queren é estar asociados, sendo indiferente a fórmula organizativa”*.

Condicións de posibilidade:

É desde os prismas descritos que algunhas opinións definen, en certa medida, as condicións de posibilidade para un axeitado funcionamento da fórmula cooperativa no ámbito do mar. A empresa cooperativa:

- ◆ Debe incorporar un equilibrio e unha certa integración de intereses; o que, en certos casos, pode dificultar a súa implementación en determinadas áreas de actividade: *“unha cooperativa debe ser de traballadores, cos mesmos dereitos e deberes, os que non sexan do mar que sexan asalariados, para que non haxa intereses diferentes”*.
- ◆ Debe incorporar unha xestión empresarial e democrática que, en todo caso, necesita verse respaldada polo conxunto de socios e socias, o que non sempre se concreta: *“as vantaxes serían moi positivas se as cousas se fixeran como se tiñan que facer (...) hai un pasotismo moi xeral na xente do mar; o único que lles preocupa son os cartos (...) a xente non quere involucrarse”*.

Completando as imaxes descritas, destacar:

- ◆ Un comentario que ven a definir a funcionalidade que o cooperativismo pode ter no imaxinario de moitas das persoas que se integran no sector: *“un non se pode meter nunha cooperativa para ser millonario, o obxectivo é crear o teu propio posto de traballo e ter un soldo digno”*.
- ◆ Un comentario que incide no feito de que a forza do cooperativismo no mar pode estar moi directamente asociada á existencia dunha estrutura que agrupe e vertebre os intereses do sector, e, polo tanto, defenda a súa potencialidade para o mesmo: *“é fundamental (...) que haxa unha federación, porque se hai un respaldo por detrás, á hora de negociar coa Administración hai máis forza”*.

5. Causas polas que as cooperativas teñen escasa presenza no mundo do mar. Imaxe das cooperativas no sector.

En xeral, enténdese que o escaso desenvolvemento do cooperativismo no ámbito do mar responde, conforme ao exposto anteriormente, aos seguintes factores:

- ◆ Falla de iniciativa e medo aos riscos asociados ao emprendemento; especialmente naqueles ámbitos de actividade caracterizados por unha base social moi fragmentada, escasa cultura e referentes de empresa, problemas de relevo xeracional, etc.; *“mentalidade (perciben) que cambiar da situación actual á cooperativa pode ser arriscado; pode ser tamén descoñecemento”*; *“hai que poñer cartos e o sector non está pola labor (...) tamén hai que arriscar no mercado, e iso é complexo”*.

- ♦ Falla dunha tradición de autoorganización en moitos ámbitos do sector do mar; moi asociada á súa caracterización sociodemográfica: *“o sector hai pouco que empezou a organizarse...a maior parte da xente que traballa no mar ten unha formación deficiente e hai moita xente maior; para eles o salto de montar a empresa foi un reto moi grande”*.
- ♦ Cultura de individualismo acentuado, *“desconfianza duns aos outros (...) é moi común no ámbito do mar (...) está mellor visto o depredador, que non cumpre as normas (...) non os que respectan o medio ambiente e as normas”*. Este individualismo podería, incluso, restar atractivo ás fórmulas empresariais participativas na medida en que se perciban como asociadas á complexidade; *“o sector percibe (que unha cooperativa) é un formato estrito que implica compromiso e sometimento a unhas normas, o que non é moi atractivo para a xente do sector”*.
- ♦ Falta de experiencias positivas de referencia, e, en definitiva, mala imaxe deste tipo de empresas: *“o problema é que houbo cooperativas nos anos 70 que non funcionaron e iso foi un mal exemplo (...) se funcionas como cooperativa sen nome, non hai problema, pero en canto te metes co (do) nome...”*.
- ♦ Información deficitaria no sector ao respecto do modelo de empresa cooperativa, o que pode incidir na mala imaxe que ten para algúns; *“din que teñen unha mortalidade moi alta, pero iso é mentira”*; *“o sistema cooperativo é descoñecido no sector”*.
- ♦ Respaldo insuficiente desde o ámbito Público; así, chega a falarse de que as problemáticas que afrontou o cooperativismo *“foron mal xestionadas ou mal formuladas desde o principio pola Administración (...) seguimos igual, (hai unha) imaxe de pouca seriedade no sector”*.

- ◆ A estruturación do sector a través do mapa de confrarías. O peso que teñen estas entidades no sector, cando responden a un modelo pechado e pouco participativo, pode dificultar o asentamento de novos modelos de organización; *“os títulos habilitantes os teñen as confrarías, (as cooperativas non interesan) aos patróns porque perden poder”*; *“sempre se puxeron trabas ao éxito destas fórmulas por parte das organizacións que sempre tiveron control”*.
- ◆ Historicamente, o posicionamento de Galicia no marco socioeconómico mundial; *“a dinámica galega sempre estivo apartada do capitalismo, ate hai relativamente pouco tempo, por iso non tivo éxito o cooperativismo”*.

6. Subsectores do mar nos que hai máis posibilidades para un desenvolvemento da fórmula cooperativa

Na medida en que nos epígrafes 3, 4 e 5 os entrevistados aportan unha perspectiva clara de cómo se pode estar a valorar o modelo de empresa cooperativa nos distintos subsectores do mar, pode ter interese destacar cáles son, en definitiva, os que se perciben como de maior potencialidade para o desenvolvemento deste tipo de iniciativas.

Comentar, neste sentido, as seguintes opinións:

- ◆ Desde o ámbito das redeiras sitúanse as artes menores como o ámbito máis favorable ao cooperativismo e non tanto o cerco; *“dar o salto á cooperativa sería máis viable nas artes menores, porque as persoas non (son) capaces de ter tanto capital como os intermediarios, etc., para competir individualmente. No cerco falan directamente cos armadores, e non hai intermediarios”*.

- ◆ Desde o ámbito da pesca e do marisqueo:
 - Cítanse como máis favorables os “*barcos de cerco ou os barcos de baixura, como os do polbo*”, así como o perfil dos “*armadores, sería máis fácil (...) non son tan (individualistas) e sempre viviron coma unha empresa*”.
 - Rexístrase unha falla de consenso ao respecto do marisqueo, por canto nalgún caso percíbese como un ámbito moi individualista, e polo tanto reticente ao cooperativismo; e noutros valórase como moi aberto ao ser “*onde máis se notou a reciclaxe na idade de traballo*”.
 - Entre os/as que sitúan favorablemente a receptividade no marisqueo a pé, incídese no potencial das prácticas de traballo, dado que “*tes unha praia e hai que traballala cunhas directrices. Deste xeito, traballas baixo unha dirección e o esforzo é colectivo (...) hai unhas axudas considerables*”.

- ◆ Desde o ámbito da acuicultura :
 - Sitúase como favorable a receptividade no ámbito da acuicultura, debido á existencia de referentes: “*na acuicultura hai como exemplos os bateiros en Moaña (...) esta cooperativa é un exemplo en comercialización*”.

◆ Desde o ámbito dos armadores:

- Incídese no interese do cooperativismo para o ámbito dos “armadores pequenos”; co obxectivo de xerar valor engadido e emprego, así como de entrar na comercialización dos propios produtos; e na medida en que pode contribuír ao que se entende como unha reconversión necesaria; *“se o sector estivese agrupado en cooperativas esta reconversión sería máis doada de facer, sen afectar de forma individual”*.

Cítase, neste sentido, que o cooperativismo reduciría o impacto da redución da flota sobre as economías máis débiles, ao tempo que aportaría facilidades de acceso a servizos como *“combustible, carnadas, xestións administrativas, etc.”*.

◆ Desde o ámbito das confrarías:

- Identifícase o marisqueo a pé como un ámbito moi favorable, argumentándose neste caso que existe unha capacidade para xestionar os bancos marisqueiros. *“no marisqueo case se traballa como nunha cooperativa”*; *“no tema onde máis pode encaixar sería no marisqueo, porque é un tema máis de equipo”*. Un entrevistado incide no feito de que o marisqueo é realizado, normalmente, por mulleres, valorando que no ámbito do mar *“teñen maior capacidade de organización e reflexión”*.

- Cítase tamén o interese, para os ámbitos do marisqueo e da pesca de baixura, do cooperativismo para entrar no campo da comercialización; *“experiencias de tendas (...) para comercializar (...) pode ser unha das fórmulas máis viables para o cooperativismo”*.
- Exprésanse maiores dúbidas ao respecto das posibilidades do cooperativismo no ámbito da pesca, debido a que existen prácticas asentadas nunha cultura máis competitiva; e no ámbito da flota industrial; *“o marisqueo está ben cando non falamos de grandes empresas (...) na flota industrial xa se moven noutros ámbitos”*.

Percepción sobre a realidade organizativa do sector cooperativista:

- 7. Aspectos organizativos, tanto positivos como negativos, que teñen incidencia sobre a actividade e xestión empresarial das cooperativas do mar.**

Aspectos positivos:

- ◆ Así, en tanto que aspectos favorables:
 - Destácase, novamente, a importancia do funcionamento democrático e participativo como un dos elementos de maior atractivo do cooperativismo; xa que permitirán a súa mellor incardinación coa realidade sectorial.

- Neste sentido, salientase que outro dos elementos de claro interese do modelo cooperativo sitúase na posibilidade de integrar baixo esta fórmula ás organizacións que xa funcionan no sector.
- Un terceiro elemento que se destaca como condición de posibilidade para o desenvolvemento cooperativo no mar é a existencia dunha xestión axeitada e con visión empresarial; que sería complementada, necesariamente, cunha maior formación en todo o que ten que ver co cooperativismo; tanto a nivel xeral, para todo o sector, como nunha dimensión particular, para os cooperativistas.

Aspectos negativos:

- ◆ En tanto que son factores que poden formular obstáculos:
 - Algúns entrevistados destacan, novamente, que o sector se caracteriza por unha cultura escasamente cooperativa. Así, cítase o caso concreto da pesca: *“os pescadores, cando saen ao mar, van uns en contra doutros, é un mundo de competencia, onde hai moitas unidades de pesca...”*.
 - É por isto que, nalgúns casos, se insiste en que na actual realidade sectorial un proxecto de iniciativa cooperativa require dunha proximidade de intereses entre os axentes promotores.

- Unha parte dos entrevistados opina que “o cooperativismo (xa) está asumido”, ou subsumido en distintos graos, polas confrarías, ou en casos concretos por algunhas asociacións; destacando que son organizacións que teñen, como valor, unha permanencia no tempo, un nivel de participación significativo, o desenvolvemento de servizos de natureza cooperativa (como a xestión de compras en común, etc.). O problema xurde cando estas organizacións toman decisións contrarias ás lóxicas do mercado. É neste sentido que se recomenda a implementación dunha “dinámica mercantil, que ten que basearse en coñecementos financeiros, de mercado, comerciais”.

8. As cooperativas son unha fórmula organizativa baseada nos valores de participación, solidariedade, compromiso e democracia. ¿Considera que estes valores se reflicten no funcionamento actual das cooperativas do mar.

Gran parte dos entrevistados evitaron entrar en consideracións a este respecto; argumentando, nalgunhas ocasións, un descoñecemento de casos específicos ou de referentes do cooperativismo no sector.

- ◆ Entre as opinións recollidas é visible unha valoración cauta a este respecto, salientándose que a solidariedade e o compromiso son claves a ter moi en conta, e entendéndose que a realidade depende especificamente da casuística de cada cooperativa: “nalgunha delas si...funcionan ben (aínda que) o valor máis importante é o compromiso”.

- ◆ En todo caso, algúns/algunhas opinantes realizan unha identificación de casos a ter en conta en calidade de referentes de funcionamento cooperativo. Estes casos serían:
 - Loitamar, S. Coop. Galega; como exemplo de diversificación e procura de saídas alternativas.
 - Sociedade Cooperativa Ría de Arousa, como exemplo de xestión eficiente fóra da fórmula tradicional de confraría.
 - Mar de Lira, S. Coop. Galega, como exemplo de achega de valor engadido a un novo produto, apostando pola superación de intermediarios.

Relación entre as cooperativas e o seu entorno sectorial e administrativo:

9. ¿En qué medida a tradición organizativa (confrarías e asociacións) e normativa do sector (PERMEX, licencias...) afecta ao desenvolvemento cooperativo?

En liñas xerais, os discursos recollidos inciden en dous aspectos fundamentais a este respecto. Dunha banda, recóllese unha postura de clara crítica ao entramado normativo, na medida en que dificulta o desenvolvemento das iniciativas cooperativas. Doutra, valórase negativamente o que se entende como unha excesiva burocratización que condiciona negativamente a realización das tarefas cotiáns dos cooperativistas e organizacións que traballan no mar; especialmente no relacionado coas tramitacións que requiren dunha maior urxencia.

Mención aparte merecen a demanda dunha mellor adaptación do procedemento de concesión dos PERMEX, e a consideración de que a actual regulación do sector favorece e protexe a consolidación dos aspectos máis críticos do modelo de organización sectorial das confrarías.

Sintetizando as opinións formuladas:

- ◆ É frecuente destacar que as disposicións lexislativas e as súas normas de desenvolvemento obrigan a o sector a soportar unha carga burocrática significativa, que condiciona claramente o exercicio do traballo polas cooperativas; *“demasiados atrancos legais e burocráticos (...) os PERMEX, a burocracia asociada (...)”*.
- ◆ Nalgúns casos, incídese en que a normativa actual coarta, dalgún xeito, o potencial do cooperativismo como opción estratéxica no mar; valorándose, pola contra, que tende a perpetuar e protexer a posición das confrarías como centros de poder e control político: *“o problema é que o terreo non é da cooperativa”; “a lexislación é moi proteccionista, e está pensada para unha maioría que son as confrarías, ás que tes que pedir permiso para o que se fai”*.
- ◆ É deste xeito que en determinadas valoracións chega a cuestionarse que a Administración teña unha vontade clara de promover o cooperativismo no ámbito do mar, por canto *“non se confía no sector; en vez de poñer uns máximos e uns mínimos (...) as xestións coa Consellería ralentizan moito o tema (...) e se fosen concesión non terían ningún problema”*; ou mesmo que realice un esforzo decidido por velar polo cumprimento da lexislación vixente; *“a Administración, se fixera cumprir a lexislación actual, sería unha festa”*.

◆ No discurso dos/das entrevistados/as concrétese tamén, e con certa frecuencia, unha valoración crítica no relativo aos PERMEX e ao réxime de cotizacións:

- No que toca aos PERMEX descríbense os problemas que formulan á hora de realizar unha explotación conxunta dos recursos; por canto o seu carácter individualizado imposibilita a súa transmisión ás cooperativas en tanto que opción de traballo integrada e coordinada. Sirva como exemplo a seguinte opinión; *“os días en que non marisquean pérdenos, e dificultalles a tramitación do PERMEX (...) en vez de quedar unhas despachando e outras ir ao mar teñen que ir todas. Isto dificulta o reparto do traballo (...) así, repartir o traballo nas cooperativas é moi difícil”*.

Aínda así, recoñécese nalgún caso que esta demanda pode non ser respaldada unanimemente polo sector: *“o sistema dos PERMEX (...) queren que se reforme desde a Consellería, pero hai unha oposición moi forte desde o sector”*.

- Ao respecto do réxime de cotizacións demándase a súa reforma, tanto no que toca ao Réxime xeral coma no relativo ao Réxime Especial do Mar. Neste sentido, exprésase que a natureza do traballo nas fases de extracción e no proceso en terra poden levar a unha duplicidade da cotización; *“supón unha duplicidade na cotización (...) debera haber unha fórmula que conxugase isto”*.

10. Modelo de relación aconsellable entre as cooperativas e as confrarías; ¿cal sería o papel de cada unha delas?

As opinións recollidas varían no enfoque segundo as experiencias e o contexto laboral desde o que falan os entrevistados.

- ◆ En todo caso, é posible constatar a existencia dunha corrente de opinión crítica coas confrarías; que considera que responden a un modelo organizativo que se adapta dificilmente ás necesidades máis emerxentes:
 - Diferenciándose o plano político-societario, *“nas confrarías faise moita política (...) e dependen moitos delas e teñen moito poder”, “debera haber outras fórmulas de xestión nas que se implique aos directamente interesados (...) a iniciativa privada funciona mellor que a Pública (...) xa sexa en forma de cooperativa ou sociedade”*.
 - E o plano da xestión dos procesos claves do sector, *“as confrarías só se deben dedicar a representar aos socios, non se poden dedicar a comprar nin vender”, “confrarías que teñen metros que non traballan, pero que non os pode xestionar alguén”*.
- ◆ Afondando nesta perspectiva, e na liña do que se expresaba en anteriores páxinas, cabe distinguir varios niveis de valoración no discurso dos/das entrevistados/as:

- Así, nalgúns casos, chega a demandarse a desaparición das confrarías ou, cando menos, un cambio radical da súa natureza: *“hai que cambiar a lei de pesca (...) que quede moito máis clarificada... as confrarías deberan desaparecer (de seguir existindo) buscar unha fórmula máis democrática (...) as confrarías (poden) manter a relación coas Administracións, e as cooperativas xestionar o traballo”; “non pode ser que cada Concello teña a súa confraría (...) habería que facer unha concentración”.*
- Noutros casos, a valoración é máis positiva para o funcionamento das confrarías, aínda que dun xeito contido: *“hai algunhas que funcionan ben (e que dan) apoio, marcan unhas normas”.*

Poden, iso si, demandarse cambios: orientados a un funcionamento máis aberto: *“aínda que para poñer normas debe ser unha asemblea xeral a que decida (...) unha confraría pásase cando se pasa dos seus valores éticos (...) cando hai un sector do mar autoritario”;* e orientados a unha nova concepción estrutural do sector *“as confrarías que están ancladas no pasado deben acabar desaparecendo (...) onde pecan as confrarías é no seu carácter localista”.*

É neste sentido que un entrevistado afirma que *“as confrarías xa non teñen tanta forza, primando máis as organizacións de produtores”.*

- En contraposición, recóllense opinións que expresan unha maior defensa das confrarías, destacando a súa presenza tradicional no sector e a súa proximidade á Administración. Este modelo semella incidir, en definitiva, na funcionalidade das confrarías para o actual modelo de explotación; na medida en que se basean nunha forte dependencia do apoio Público: *“as confrarías están ben situadas, e (ao tramitar) as subvencións mediante elas obtense maior rendemento”, “as confrarías teñen poder na Xunta, as cooperativas están por baixo das confrarías, que son os deuses do marisqueo”*.
- ◆ En todo caso, a opinión máis xeral entende que o modelo de empresa cooperativa debера ser compatible coa existencia e funcionamento das confrarías; *“a cooperativa podería estar vencellada coa confraría, de maneira que tiveran certos pactos para mercar certos produtos”*, chegando a falarse, nalgún caso e desde algunha confraría, da similitude existente entre a natureza societaria dos dous modelos; *“o máis semellante ás cooperativas son as confrarías. O patrón maior non manda como antes; se a directiva non quere unha cousa non se fai”*.
- ◆ Algúns/algunhas entrevistados/as consideran que o modelo cooperativo presenta algunhas debilidades no que toca a súa relación coas confrarías: *“hoxe en día facer un proxecto coas confrarías é complicado (...) no caso das confrarías fanlle eles (a Admón.) as instalacións; no caso das cooperativas, hai que comprar os terreos e facer todo un, por riba poñéndolle un montón de problemas”*; *“ás cooperativas nunca lles dan nada e quen reciben máis son as confrarías”*.

11. ¿Que clase de actuacións da Administración son máis necesarias para apoiar un desenvolvemento cooperativo no mundo do mar?

Na liña do comentado anteriormente, concrétese unha visión que outorga un papel moi central á Administración, distinguíndose claramente varias funcións.

- ◆ En primeiro lugar, incídese na necesidade de que a Administración actúe decididamente como un axente de promoción e fomento da creación de cooperativas; apostando por formar e informar ao sector de xeito que adquira un maior coñecemento da natureza e potencialidades deste tipo de empresas; dando asesoramento e acompañando os procesos de constitución das mesmas, “*apoio psicolóxico*”; e dotando beneficios e axudas dirixidas aos emprendedores na súa posta en marcha, “*medidas económicas*”.
- ◆ En segundo lugar, destácase a importancia de que a Administración asuma, no exercicio da súa función normativa e procedimental, un apoio ao cooperativismo no mar.
 - Concretándose unha demanda de axilización (máis eficacia e eficiencia) de todos os trámites e procedementos administrativos relacionados coas actividades do mar: “*a Administración é moi lenta, debera axilizar máis rápido os permisos*”.
 - E unha demanda de reforma do marco normativo que regula a relación entre a Administración e o sector, e nomeadamente coas cooperativas; de xeito que se adapte ás necesidades actuais e emerxentes do sector.

- ◆ Incídese, por último, no papel da Administración como actor central na protección dos recursos marítimos; subliñándose, nalgún caso, a necesidade de reforzar a preservación das rías e, moi asociado a esta cuestión, de realizar investigacións que identifiquen os factores causais da contaminación que, en opinión de moitos, as ameaza moi directamente.

8 Entrevistas realizadas a Expertos

- Investigadores e membros da comunidade universitaria
- Referentes no ámbito do cooperativismo galego

Visión global do sector do mar:

1. Factores de desenvolvemento do sector do mar: potencialidades, debilidades e retos que se deben formular.

Ao respecto das potencialidades do sector, as opinións recollidas no ámbito dos expertos sinalan as seguintes cuestións como os principais factores clave:

- ◆ A alta calidade do produto, derivada das óptimas condicións naturais, o que lle confire unha alta competitividade no mercado.
- ◆ A presenza social e a tradición do sector en Galicia “(...) *esta tradición do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola na Comunidade Autónoma, identifícase coa calidade do produto(...)*”
- ◆ O aumento do consumo de produtos do mar, potenciado pola implantación de costumes sans de alimentación: “*factor de alimentación vai a máis e o peixe vai sufrir unha revaloración*”.
- ◆ E, por último, a existencia de iniciativas con potencial de innovación no sector, que supoñen, neste sentido, un impulso á súa competitividade: “*(existencia) de bastantes proxectos de I+D orientados á pesca artesanal e á acuicultura*”.

Paralelamente, asociada á existencia de potenciais, recoñécese a existencia dunha serie de elementos que supoñen debilidades claras para o desenvolvemento do sector do mar.

A este respecto, sinálanse como os máis destacados:

- ◆ A existencia dun baixo grao de organización e vertebración do sector: *“Habería que destacar unha debilidade fundamental(...) é a estrutura socio-corporativa actual, que englobaría ás diferentes corporacións coma confrarías, asociacións,... isto (...) está debilitando o desenvolvemento do sector”*
- ◆ A necesidade de promover a presenza dos produtores no campo da comercialización.
- ◆ Asociada ás dúas anteriores, a falta de mentalidade empresarial, a pesar da *“certa experiencia de desenvolvemento empresarial”*; así como a forte dependencia das axudas Públicas.
- ◆ As baixas cualificacións dos traballadores/as respecto a estudos de seguimento, tecnoloxías e protocolos de actuación, *“(...) hai baixos coñecementos de tecnoloxía, que son fáciles de acadar, pero que a situación indica que son poucos”*.
- ◆ A necesidade dunha maior xestión do coñecemento e a innovación no sector: *“neste aspecto estamos moi atrasados, deberían existir uns estudos, un seguimento. É lamentable que hoxe en día non se utilicen moitas tecnoloxías e protocolos, pese a que existan”*.
- ◆ As debilidades sinaladas ate o momento inscribiríanse nun contexto caracterizado por un baixo nivel de diversificación do sector pesqueiro, que sería necesario superar, *“(...) diversificación que apoia o Fondo Europeo da Pesca, pero que non se leva a cabo por problemas organizativos”*.

É por isto que os retos principais do sector para os próximos anos virán, desde a perspectiva dos/das entrevistados/as:

- ◆ Da reconversión do sector cara outras actividades no mundo do mar.
- ◆ Da diversificación dos cultivos mariños.
- ◆ Da necesidade de desenvolver toda esta actividade desde unha estratexia de sostenibilidade co entorno.

Visión do cooperativismo no sector:

2. **Papel que pode xogar a fórmula cooperativa no desenvolvemento do sector.**
3. **Valoración das cooperativas como fórmula empresarial: vantaxes ou desvantaxes no mundo do mar.**

No conxunto dos casos, identifícase a cooperativa como unha fórmula moi positiva e de gran potencial para o sector:

- ◆ Identifícanse, nalgún caso, tres áreas estratéxicas para o cooperativismo no sector:
 - O ámbito do abastecemento e o acceso a bens que axuden á produción.
 - Os propios procesos de produción, achegando “asesoramento técnico ou boas directrices profesionais”.
 - O campo da profesionalización do sector, achegando “criterios, pautas formativas, de estandarizar e facer un bo traballo (...) dun desenvolvemento persoal e profesional”.

- ◆ Destácase tamén a grande capacidade das cooperativas para integrar a produción coa comercialización: *“é evidente que o cooperativismo nesa faceta ten unha competitividade tremenda e moitísimo superior a calquera outro modelo, porque fai de ponte entre a produción e o consumidor final (...) coñece perfectamente o que demanda ese consumidor e tenta ofrecerllo a través desas estratexias produtivas que se van implantando”.*
- ◆ Destacándose, noutras opinións, a súa idoneidade para os ámbitos do marisqueo e a pesca de baixura, debido ás súas características e necesidades actuais. *“Na altura xa hai grandes cooperativas de armadores. No marisqueo, cultivos mariños e pesca de baixura quedan moitas cousas por facer: iniciativas conxuntas para explotar os espazos de forma máis racional mediante cooperativas de explotación directa, cooperativas para a comercialización, para o abastecemento e para a prestación de servizos especializados, etc.”*
- ◆ E, salientándose, o interese da súa natureza desde o punto de vista social, ao integrar nunha iniciativa empresarial un marco societario de participación moi adaptado á estruturación e valores do sector: *“No mundo do mar as cooperativas aportan vantaxes específicas dende o punto de vista social, porque tanto a baixura como o marisqueo e a acuicultura son ámbitos de ‘minifundio social’”; “a fórmula cooperativa o que pode é integrar máis ese compromiso persoal e individual de cada un (...) dentro do compromiso conxunto de buscar unha maior rendibilidade e beneficio económico deses recursos, desa produción.”*

- ◆ É desde esta perspectiva que se entende que o cooperativismo podería fomentar unha maior implicación do sector, así como unha maior motivación e organización. *“O funcionamento democrático podería motivar aos integrantes dunha maneira máis directa, o que contribuiría a eliminar un dos maiores problemas da pesca na actualidade: o sistema organizativo (...) A dinámica económica e empresarial sería máis forte cunha infraestrutura cooperativa, que ademáis se vincularía co desenvolvemento local”*
4. **¿Considera que cooperativas do mar xogan un papel importante á hora de xerar Valor Engadido, Renda, Emprego ou de incidir no Prezo, Estabilidade e Regulación dos Mercados?**

Na liña do expresado anteriormente, enténdese que as cooperativas do mar poden xogar nesta liña toda vez que:

- ◆ Aporten un factor de aseguramento do emprego no sector, *“o efecto fundamental do cooperativismo no emprego é contribuír á manter o que xa existe.”*
- ◆ Aporten un marco de comercialización conxunta para os produtores, que lles permita unha maior forza de interlocución no mercado: *“(...) non é o mesmo unha comercialización conxunta que unha comercialización individual, xa que a conxunta ten maior capacidade de intervir nos mercados, é un poder compensador.”*
- ◆ E aporten, en definitiva, un marco de seguridade e motivación que promova unha maior iniciativa: *“O cooperativismo aportaría maior motivación para poñer en marcha proxectos, ventaxes fiscais, valor engadido, funcionamento empresarial, rendabilidade, creación de emprego, etc...”*

Causas polas que as cooperativas teñen escasa presenza no mundo do mar. Imaxe das cooperativas no sector.

Apúntase aos seguintes factores:

- ◆ Ao descoñecemento e á falta de formación e información ao respecto das cooperativas, unido ao escaso número de exemplos de éxito de cooperativismo.
- ◆ Ao antagonismo que as veces se percibe entre as cooperativas e o papel que veñen desempeñando tradicionalmente figuras como as confrarías: *“Débese (...) á forte influencia das confrarías, sistema organizativo moi tradicional”*; *“as infraestruturas que existen no mundo do mar son unha curiosa mestura entre as asociacións con finalidades produtivas e empresariais e asociacións con finalidade de protección social, que poden ter algo que ver co escaso cooperativismo, máis posiblemente algunhas experiencias frustradas.”*
- ◆ Ao peso, en definitiva, dunha cultura e dunha forma de organización tradicional do sector: *“se queres propoñer unha fórmula alternativa nun sector que ten unha cultura moi arraigada nun modelo organizativo determinado, é unha tarefa a longo prazo, polo menos se falamos de determinados subsectores”*.

6. Subsectores do mar nos que hai máis posibilidades para un desenvolvemento da fórmula cooperativa.

Tal e como se comentaba en anteriores epígrafes, fórmase que os subsectores que presentan maiores posibilidades de desenvolver a fórmula cooperativa serían:

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ O marisqueo.
- ◆ A acuicultura.
- ◆ A pesca de baixura.
- ◆ E os que son definidos como “*novos espazos de traballo*”; relacionados coa diversificación de servizos como poden ser: pesca de turismo, asesoramento e servizos técnicos, etc.
- ◆ Nesta liña, cómpre destacar unha opinión que incide na importancia estratéxica do marisqueo e a acuicultura para o cooperativismo, por canto “*si se consegue enlazar explotacións marisqueiras rentables, que sexan capaces de manter un nivel de ingresos importante (...) durante todo o ano (...) pode ser unha clave e un punto de inflexión no que o propio sector empece a ver nas cooperativas unha posibilidade (...) e con respecto á acuicultura, os procesos de transformación e industrialización deben asentarse en gran medida nesa posibilidade (...) é o sector que está máis maduro empresarialmente, que pode entender mellor unha estrutura empresarial de colaboración ou cooperación como a que estamos a falar*”.

Percepción sobre a realidade organizativa do sector cooperativista:

7. Aspectos organizativos, tanto positivos como negativos, que teñen incidencia sobre a actividade e xestión empresarial das cooperativas do mar.

O discurso dos/das entrevistados/as distingue, tal e como se expresa na formulación da pregunta, entre os aspectos que se entenden como máis positivos e aqueles que se entenden desde unha valoración máis negativa.

- ◆ Ao respecto do primeiro plano de valoración, sinálase, en esencia, o funcionamento democrático e participativo das cooperativas como un elemento favorable na xestión empresarial. *“O fundamental é o carácter mutualista e democrático das cooperativas. Como fórmula de organización, nas cooperativas cada persoa ten un voto, é un sistema de toma de decisións democrático que facilita a adhesión de axentes económicos dispersos, sistema de organización que se adecua moi ben aos escenarios nos que hai moita xente”.*
 - ◆ Ao respecto dos elementos valorados como máis negativos, destácanse, principalmente: a falla dunha formación mínima e o seu impacto nas tomas de decisións e no funcionamento básico das cooperativas. Ao respecto deste mesmo, chega a formularse que *“as cooperativas na medida que son democráticas e participativas, xeran unha certa lentitude, porque poñerse de acordo é algo lento”.*
- 8. As cooperativas son unha fórmula organizativa baseada nos valores de participación, solidariedade, compromiso e democracia. ¿Considera vostede que estes valores se reflicten no funcionamento actual das cooperativas do mar?**

Na maior parte dos casos incídese na falta de experiencias de referencia como un elemento que non permite establecer valoracións a este respecto.

- ◆ En todo caso, ten interese recoller dúas opinións referidas á evolución dos valores que caracterizan ao sector:

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Desde unha perspectiva máis crítica, e ao respecto de cómo esta evolución pode obstaculizar o desenvolvemento de experiencias de natureza cooperativa, valórase que cada vez *“existe menos solidariedade, e estes valores van estar moi presionados no futuro”*.
- E desde outra máis favorable, na que se enfatiza a actualidade dos valores asociados ao cooperativismo, considérase: *“o único grande cambio en relación con este tema dos valores é que a industria (...) capitalista quere cada vez entrar máis neles; non son valores en desuso”*.

Relación entre as cooperativas e o seu entorno sectorial e administrativo:

9. ¿En que medida a tradición organizativa (confrarías e asociacións) e normativa do sector (PERMEX, licencias,..) afecta ao desenvolvemento cooperativo?

10. Modelo de relación aconsellable entre as cooperativas e as confrarías. ¿Cal sería o papel de cada unha delas?

As respostas recollidas tenden a solapar as cuestións que para a súa valoración formulan as cuestións 9 e 10.

Así, ao respecto da tradición organizativa e normativa apúntase, principalmente, á estruturación do sector conforme ao mapa e ao modelo organizativo das confrarías:

- ◆ Salientando a necesidade da súa reordenación, *“As confrarías están moi necesitadas dunha reforma organizativa seria, non é un bo modelo porque traballa en varios ámbitos sen especializarse en ningún”*.
- ◆ É neste escenario no que, unha vez máis, sitúase o potencial das cooperativas para aportar un referente empresarial de desenvolvemento, próximo aos valores e prácticas predominantes no sector: *“(…) O contexto socioeconómico e tecnolóxico cambiou, o que necesita dun modelo adecuado e diferente ao das confrarías no que se impoña, como mínimo, a separación de funcións (…) onde as cooperativas poderían ir da man dunhas confrarías renovadas”*.

Afondando nas cuestións descritas, fórmulanse algunhas valoracións ao respecto da relación entre cooperativas e confrarías:

- ◆ Así, de entrada, reitérase a importancia de buscar a maior complementariedade entre as dúas organizacións: *“É importante non crear confrontación entre confrarías e cooperativas (…) hai que ter en conta que incluso hai confrarías que están intentando crear modelos cooperativos”*.
- ◆ Esta complementariedade pasaría pola definición e separación de funcións de cada unha das organizacións, tendo en conta o papel que pode xogar cada unha nos diferentes ámbitos ou subsectores do mar; *“cada sector é unha cousa, nalgúns casos é interesante a fórmula cooperativa. Hai casos onde poden convivir as confrarías e cooperativas. É necesario tender cara á reordenación e construción empresarial”*.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- ◆ E, como xa se ten recollido en epígrafes anteriores, pola asunción polas cooperativas das tarefas máis relacionadas coa comercialización como a súa función principal; un área de actuación que non se ten desenvolvido satisfactoriamente ate o momento, *“as confrarías deberían integrar cooperativas ou formar parte delas. As cooperativas poderían axudar ás confrarías na faceta da que carecen: na parte da comercialización, da xestión económica e comercial, de aportar valor engadido aos produtos. As confrarías non son áxiles, non teñen a mentalidade empresarial, polo tanto, non son competitivas”*.

11. ¿Que clase de actuacións da Administración son máis necesarias para apoiar un desenvolvemento cooperativo no mundo do mar?

Ao respecto deste aspecto, as actuacións que se consideran máis prioritarias por parte da Administración Pública serían:

- ◆ O achegamento de formación e información ao sector ao respecto do modelo de empresa cooperativa.
- ◆ Así como a difusión de modelos cooperativos de éxito.
- ◆ A creación dun marco de seguridade, *“hai que definir un modelo, crear un modelo legal que garanta a inversión, e facer un traballo social”*.
- ◆ E o desenvolvemento dun esforzo de interlocución que contribúa a evitar e eliminar as confrontacións dentro do sector.

Peche da entrevista:

12.Elementos clave que se deben ter en conta especialmente á hora de desenvolver proxectos cooperativos neste sector.

As ideas recollidas a este respecto sintetizan a liña argumental que os/as informantes veñen mantendo ao longo das páxinas anteriores.

Así, destácanse:

- ◆ A necesidade de proceder ao deseño de *“sistemas organizativos específicos que permitan artellar, máis aló dos tópicos, a relación entre confrarías, asociacións e cooperativas. Ver modelos cooperativos concretos e viables. Definir proxectos viables economicamente, proxectos organizativos socialmente viables”*.
- ◆ A necesidade de ter en conta ás organizacións que están traballando no sector, *“que non son cooperativas, e que poden ser receptivas a implementar esta fórmula: asociacións de mariscadoras, que poderían ser axentes importantes á hora de promocionar cooperativas no subsector do marisqueo a pé, etc. Hai que falar coas confrarías, posto que é imprescindible contar con elas para desenvolver calquera política que implique un mínimo cambio estrutural no sector”*.

- ◆ A necesidade de atender axeitadamente a un acompañamento dos procesos de constitución das cooperativas: *“xa antes da posta en marcha do proxecto, na definición do grupo promotor. É fundamental que haxa un proceso de acompañamento que garanta unha viabilidade e un enfoque empresarial dos temas (...) o feito de que unha empresa se denomine cooperativa non garante absolutamente nada (...) os proxectos (...) garántese que vaian arriba na medida en que haxa uns obxectivos claros, un proxecto de viabilidade ben definido, un compromiso dos socios, e (isto) só se consegue con moita formación, cunha actuación sobre o grupo promotor”*.

9 Síntese de ideas recollidas nas entrevistas realizadas

1. FACTORES DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DO MAR: POTENCIALIDADES, DEBILIDADES E RETOS QUE SE DEBEN FORMULAR.

Aspectos positivos: fortalezas e oportunidades

- Existencia nas costas galegas de ecosistemas únicos, caracterizados por unha grande produtividade e biodiversidade.
- Alta calidade dos recursos que explota o sector, o que lles confire unha alta competitividade no mercado.
- Neste sentido, trátase de produtos con recoñecemento internacional.
- Hábito de consumo de peixe en Galicia e, en xeral, tendencia á alza do consumo dos produtos do mar; debido á implantación de costumes sans de alimentación.
- Grande tradición de pesca e marisqueo en Galicia, e existencia dunha flota numerosa.
- Existe unha potencialidade para diversificar producións e cultivos (sobre todo en piscicultura).
- Existencia das axudas do Fondo Europeo de Pesca -FEP-, que implicará melloras dos sistemas organizativos, de produción, comercialización e desenvolvemento das explotacións.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Expectativa de desenvolvemento de novas actividades no futuro (turismo pesqueiro, náutica de lecer, construción de embarcacións tradicionais, divulgación da cultura mariñeira...).
- Obsérvanse cambios de mentalidade no sector (por exemplo, nunha mentalidade empresarial crecente nas confrarías).
- Existen experiencias previas de busca de solucións do sector ás diferentes crises vividas.
- Existe un potente sector dedicado á explotación do mexillón que actúa como un referente pioneiro en canto á estrutura organizativa de base.
- Existe unha experiencia de xestión de todos os bancos marisqueiros que hai na costa galega
- Aumento de proxectos de I+D+i orientados a pesca artesanal e á acuicultura.
- Grande potencial humano, de alta profesionalidade.
- A pesca artesanal é respectuosa, polo xeral, co entorno e cos recursos.
- En todo caso, o emprego das distintas artes pesqueiras está lexislado e normalizado.
- Cambios na lexislación sobre primeira comercialización dos produtos pesqueiros frescos, que abre a posibilidade á venda sen obrigatoriedade de poxa.

Aspectos negativos: debilidades e ameazas

Con respecto aos medios humanos, condicións sociolaborais e organización do sector:

- Falta de información sobre as potencialidades que o cooperativismo ten para o desenvolvemento do sector.
- Falta de iniciativa no sector.
- Falta, con frecuencia, dunha visión empresarial nas confrarías.
- Neste sentido, o funcionamento das confrarías pode incidir nun menor aproveitamento das posibilidades de desenvolvemento do sector.
- Escasa implantación das innovacións tecnolóxicas. Existen avances tecnolóxicos, pero estes non son incorporados polo sector con inmediatez.
- Escasa diversificación do sector pesqueiro, que, malia o apoio dos fondos europeos, non se está levando a cabo por problemas organizativos.
- Abandono de caladoiros e redución da flota.
- Dificultades de negociación con terceiros países á hora de negociar cotas e acceso a caladoiros, por pertencer a UE.
- Falta de formación axeitada ás necesidades actuais en moitos dos/das traballadores/as do sector.
- O sector amosa unha cultura individualista que dificulta a súa mellor organización e vertebración.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Dispersión e localismo do sector. As estruturas organizativas de segundo grao non están o suficientemente consolidadas. Un exemplo sería a falta de entendemento entre o grande número de entidades que agrupan aos produtores de mexillón, que frea o seu desenvolvemento.
- Idade media dos/das traballadores/as do sector alta. Falta de traballadores/as no sector, abandono do sector polos/polas profesionais e falta de relevo xeracional. Moitas das familias dedicadas a actividades do mar presentan economías débiles.
- Necesidade de mellora das condicións laborais dos/das traballadores/as en moitos ámbitos de actividade do sector (inexistencia de convenio colectivo, mellora dos sistemas de retribución...).
- Existencia de moito intrusismo profesional (no ámbito das redeiras e do marisqueo).

Con respecto á comercialización dos produtos:

- Maniféstase a existencia de prácticas de especulación cos prezos do produto desde os grandes comercializadores.
- Escasa participación do sector extractivo no valor engadido do produto.
- Prezo moi baixo do produto en primeira venda.
- Venda de marisco foráneo como galego nos centros de venda.
- Forte dependencia de axudas da Administración Pública.

Con respecto ao espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira e marisqueira:

- Preocupación pola situación do medio ambiente mariño (contaminación, sobreexplotación, impacto das instalacións de acuicultura no espazo onde están ubicadas...).
- Incidencia negativa sobre os recursos de cuestións como: episodios de mareas vermellas; mal tempo en inverno; incidencia negativa do furtivismo; sobreexplotación por parte dos propios extractores.
- Preocupación polo cambio climático.
- O espazo potencial para dedicar á explotación está restrinxido; é dificultoso aumentar a superficie para realizar a explotación ou poñer en marcha proxectos por parte de novas entidades de xestión.
- Na piscicultura, a falla de espazo para aumentar a explotación dificulta o subministro ao mercado, que pide unha continuidade no abastecemento.
- Dificultades lexislativas para levar a cabo a rexeneración de praias.

Retos aos que se enfronta o sector

- Fomento da reconversión cara a outras actividades do mundo do mar, e eliminación das trabas administrativas para levar a cabo dita diversificación.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Fomento da diversificación dos cultivos mariños.
- Posta en práctica de medidas que permitan a recuperación dos recursos e mellorar a posterior sustentabilidade da actividade.
- Delimitación das zonas para as diferentes explotacións.
- Fomento da reestruturación e renovación da flota.
- Mellora da comercialización dos produtos pesqueiros.
- Redución do peso actual de intermediarios na comercialización.
- Creación dunha distribuidora ou central de vendas a nivel autonómico.
- Tipificación e identificación dos produtos -marcas a nivel nacional e internacional-.
- Desenvolvemento de proxectos de trazabilidade dos produtos.
- Realización dunha labor de sensibilización sobre o paso da recolección á comercialización.
- Formación axeitada dos/das profesionais do sector.
- Potenciación do I+D+i, e desenvolvemento de proxectos e iniciativas innovadoras.
- Promoción do asociacionismo e a intercooperación.
- Aumento da competitividade do sector mexilloeiro fronte a producións doutros países (como, por exemplo, o mexillón chileno).
- Apoio á creación de instalacións de preengorde de moluscos.

- Eliminación do intrusismo profesional no ámbito da montaxe e reparación de artes de pesca, e control do furtivismo no marisqueo.
- Fixación de prezos “dignos” (nomeadamente, en ámbitos como o das redeiras).
- Realización dunha política de pesca axeitada.

2. PAPEL QUE PODE XOGAR A FÓRMULA COOPERATIVA NO DESENVOLVEMENTO DO SECTOR.

- Identifícase a cooperativa como unha formula moi positiva para o sector, ao tratarse de empresas participadas por todos os socios. Enténdese, ademáis, que esta fórmula facilita prestar servizos propios aos socios; e que o feito de repartir o traballo segundo as distintas etapas de produción e venda permite a redución de horarios de traballo, o que repercute na calidade de vida da xente do sector.
- Considérase, polo xeral, que as cooperativas poden complementar ás confrarías na faceta de desenvolvemento empresarial.
- Valorase, en xeral, que a fórmula cooperativa adáptase moi ben á tradición organizativa do sector. Tamén está moi ben valorada como unha fórmula de autoemprego das novas xeracións de técnicos.
- As redeiras ven a fórmula cooperativa coma un xeito de competir co intermediario.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Para o subsector do marisqueo a pé apúntase que, aínda que a organización tradicional do sector en confrarías e agrupacións é similar ao funcionamento das cooperativas, podería ser moi interesante abrazar esta fórmula de organización para traballar na comercialización. Tamén se comenta que as cooperativas deberían formar parte das confrarías ou as confrarías ser socias das cooperativas, xa que o sector non acolle ben os cambios bruscos. Moitos dos/das expertos/as enquisados/as pensan que é a cooperativa quen ten que ter a titularidade da explotación.
- Dentro do subsector da acuicultura, entre os bateiros non se percibe como unha fórmula moi axeitada; sinalan que nas cooperativas de bateiros existentes os socios traballan de xeito individual, non cooperativizado, e só empregan esa fórmula para a comercialización do produto. Hoxe en día resulta pouco factible a cesión da titularidade da concesión por parte do bateiro á cooperativa.
- Nalgúns casos, percíbese que a fórmula cooperativa no sector do mar é un lastre por canto non teñen un nivel de axudas como no caso das confrarías.
- Para os pequenos armadores é unha fórmula moi positiva porque permite aumentar o valor engadido, xerar emprego e comercializar directamente o produto.

3. VALORACIÓN DAS COOPERATIVAS COMO FÓRMULA EMPRESARIAL. VANTAXES E DESVANTAXES NO MUNDO DO MAR.

Vantaxes:

- Os expertos sinalan como vantaxes da cooperativa a participación por igual dos socios, o funcionamento democrático así como a posibilidade da existencia de socios colaboradores.
- Para o colectivo de redeiras, é unha boa fórmula organizativa, xa que lles daría cohesión e permitiría enfrontarse aos problemas de intrusismo e prezos baixos que padecen.
- En xeral, desde o punto de vista da comercialización, percíbese que a fórmula cooperativa permite realizar unha comercialización directa e potenciar os produtos pesqueiros fóra da Comunidade Autónoma. Neste sentido, apúntase que a fórmula cooperativa dá mellor imaxe aos produtos; imaxe de calidade e de credibilidade.
- Con frecuencia, considérase que a fórmula cooperativa é moi positiva para subsectores nos que a base social é moi ampla, con man de obra non capitalizada. Incídese en que pode potenciar o autoemprego, mellorando a calidade de vida dos/das socios/as; e aportar unha grande redistribución da renda aos/ás traballadores/as do sector. Baixo esta fórmula se facilitaría o concertar, agrupar, unir e aproveitarse das economías de escala para adquirir as mesmas vantaxes que as grandes empresas. Ademáis, podería fomentar unha maior implicación do sector no ámbito empresarial.

Desvantaxes:

- Os obstáculos fundamentais do cooperativismo no mar son percibidos, polo xeral, a partir: do descoñecemento e desconfianza nesta fórmula; do individualismo que caracteriza ao sector, xa que non se percibe gran disposición nin iniciativa a asociarse; e da existencia de cooperativas do mar nas que non se seguen os principios cooperativos e nas que o poder non está repartido democraticamente.

- Máis polo miúdo, sinálanse os seguintes feitos como atrancos da fórmula cooperativa no mar:
 - O feito de que os Permex sexan nominativos; algúns entrevistados sinalan que a titularidade dos mesmos así como as licencias de pesca deberían ser de titularidade da cooperativa.
 - A desconfianza ante a obriga de aportar capital para a súa creación; e ante a dependencia entre os/as socios/as na organización do traballo.
 - A percepción dunha falta de axudas reais á creación e desenvolvemento das cooperativas; máxime cando se entende que actualmente se favorece ás confrarías sobre outras entidades.
 - A percepción dunha dificultade de financiamento por parte das entidades bancarias, xa que non teñen confianza na fórmula cooperativa.

4. PAPEL DAS COOPERATIVAS DO MAR Á HORA DE XERAR VALOR ENGADIDO, RENDA, EMPREGO OU DE INCIDIR NO PREZO, ESTABILIDADE E REGULACIÓN DOS MERCADOS.

- Enténdese que o feito de que baixo a fórmula cooperativa os produtores poidan comercializar e transformar os seus produtos, evitando de este xeito intermediarios, ten como consecuencia unha maior repercusión do valor engadido deses produtos. Desta maneira, os produtores serían quen de regular os mercados ao facer unha comercialización conxunta.
- Enténdese que a organización cooperativa facilita que os beneficios se repartan máis equilibradamente. Este aumento de beneficios dos produtores repercutiría nunha menor sobreexplotación de recursos e proporcionaría estabilidade aos/ás empresarios/as e traballadores/as. Tamén xogaría un papel relevante no mantemento do emprego existente no sector.
- Non obstante, no propio sector hai algunha opinión que pon en dúbida os beneficios que suporía a comercialización directa por parte dos produtores, xa que a venda a un intermediario implica menos riscos empresariais, menos custes e un aumento da liquidez.

5. CAUSAS POLAS QUE AS COOPERATIVAS TEÑEN ESCASA PRESENCIA NO MUNDO DO MAR. IMAXE DAS COOPERATIVAS NO SECTOR.

- Unha das causas principais, enténdese, é o descoñecemento do sector sobre o mundo cooperativo, así como a falta de formación e información sobre a características desta fórmula organizativa. Todos os entrevistados coinciden en que a imaxe das cooperativas no sector do mar non é boa, principalmente polos escasos

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

exemplos de éxito que presenta.

- A forza da figura das confrarías como fórmula organizativa do sector e o marcado individualismo das súas xentes tamén son outras das causas identificadas.
- Enténdese que a normativa sobre cooperativas é difícil de encaixar no sistema organizativo e legal que hai na Administración pesqueira.
- Enténdese que as cooperativas atopan moi pouco apoio financeiro.
- Enténdese que as persoas do sector non están pola labor de ter que poñer cartos para desenvolver unha fórmula organizativa, nin de arriscar no mercado.
- Incídese no peso no sector dunha escasa tradición de vertebración e organización, ao que habería que sumar a falta dunha cultura de innovación.

6. SUBSECTORES DO ÁMBITO DO MAR NOS QUE HAI MÁIS POSIBILIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DA FÓRMULA COOPERATIVA.

- En xeral, apúntase que calquera subsector pode adoptar a fórmula cooperativa como forma de organización.
- Polo xeral, identifícanse como subsectores con máis posibilidades para o desenvolvemento do cooperativismo aqueles que impliquen servizos á pesca (redeiras, comercialización...).

- A tradición organizativa do marisqueo a pé, así como o feito de que este subsector teña capacidade para xestionar os bancos marisqueiros, fai que sexa visto como idóneo para adoptar esta fórmula.
- Os expertos pensan que poden ter algunhas dificultades para organizarse en cooperativas os subsectores máis industrializados.

7. ASPECTOS ORGANIZATIVOS, TANTO POSITIVOS COMO NEGATIVOS, QUE TEÑEN INCIDENCIA SOBRE A ACTIVIDADE E XESTIÓN EMPRESARIAL DAS COOPERATIVAS DO MAR.

- Como aspectos positivos, destacan a importancia do funcionamento democrático e participativo das cooperativas, e a posibilidade de integrar baixo esta fórmula ás organizacións que xa funcionan no sector.
- Dentro dos aspectos negativos, atópase a necesidade dunha mellor formación para o bo funcionamento das cooperativas, así como o que as veces pode entenderse como unha lentitude na toma de decisións e a falla dunha cultura de traballo cooperativo no sector.

8. AS COOPERATIVAS SON UNHA FÓRMULA ORGANIZATIVA BASEADA NOS VALORES DE PARTICIPACIÓN, SOLIDARIEDADE, COMPROMISO E DEMOCRACIA; VALORACIÓNS AO RESPECTO DE CÓMO SE REFLECTEN ESTES VALORES NO FUNCIONAMENTO ACTUAL DAS COOPERATIVAS DO MAR.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- A percepción dalgúns dos/das entrevistados/as non pertencentes ao sector é que os valores asociados á fórmula cooperativa non están a reflectirse na actualidade cooperativista do mar. Non obstante, os/as enquisados/as do sector pensan que o valor máis importante é o compromiso.
- Con certa frecuencia, fórmase que a falta de existencia ou coñecemento de experiencias cooperativas no mar dificulta dar resposta a esta cuestión.
- Como exemplos de boas prácticas cooperativas cítanse:
 - Loitamar, S. Coop. Galega, exemplo de diversificación e saídas alternativas
 - Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa, exemplo de xestión eficiente fóra da fórmula tradicional de confraría
 - Mardelira, S. Coop. Galego, exemplo de aportación de valor engadido a un novo produto, sen intermediarios.

9. EN QUE MEDIDA A TRADICIÓN ORGANIZATIVA (CONFRARÍAS E ASOCIACIÓNS) E NORMATIVA DO SECTOR PESQUEIRO (PERMEX, LICENCIAS,..) AFECTA AO DESENVOLVEMENTO COOPERATIVO NO SECTOR PESQUEIRO.

- Enténdese que existe a necesidade de revisar as concesións e autorización administrativas, para facilitar o acceso das cooperativas ás explotacións, e de abordar unha reordenación profunda das confrarías, separando a función social e administrativa da puramente empresarial.

- En moitos casos, percíbese que a lexislación é moi proteccionista coas confrarías e que isto pode obstaculizar o desenvolvemento das cooperativas.
- Incídese na necesidade de buscar compatibilidade entre a cotización ao Réxime Especial do Mar e o Réxime Xeral da Seguridade Social; no sentido de permitir a versatilidade profesional dos/das traballadores/as do sector.

10. MODELO DE RELACIÓN ACONSELLABLE ENTRE AS COOPERATIVAS E AS CONFRARIAS, E PAPEL DE CADA UNHA DELAS.

- Polo xeral, fórmase que non é tanto unha cuestión de eliminar ás confrarías, como de compatibilizar a súa existencia con outros modelos organizativos que teñan unha visión máis empresarial.
- Neste sentido, explicitase que as confrarías deberían ter a función administrativa e deixar a empresarial ás cooperativas. Serían así dúas figuras complementarias.
- Algún experto comenta que parece excesivo o número de confrarías que hai no litoral galego, polo que debería reducirse o seu número para mellorar a súa xestión por parte da Administración.

11. ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN MÁIS NECESARIAS PARA APOIAR UN DESENVOLVEMENTO COOPERATIVO NO MUNDO DO MAR.

- Explícitase que a Administración debería incidir na formación cooperativa da xente do sector e fomentar o cooperativismo difundindo os modelos de éxito.
- Enténdese que a Administración podería reforzar e artellar mecanismos de axuda económica e de asesoramento para a creación de cooperativas do mar.
- Tamén se considera necesario modificar a lexislación pesqueira, favorecendo o desenvolvemento cooperativo, e deseñar un plan integral de desenvolvemento do sector.

12. ELEMENTOS CLAVE QUE SE DEBEN TER EN CONTA Á HORA DE DESENVOLVER PROXECTOS COOPERATIVOS NESTE SECTOR.

- Enténdese, en moitos casos, que é preciso evitar e eliminar as confrontacións dentro do sector, e non dar a sensación de que se presiona ao sector para que realice un cambio brusco do seu modelo organizativo.
- Un elemento clave sería formar e informar ás persoas traballadoras e empresarias en aspectos cooperativos, para o cal é imprescindible a búsqueda de axentes que sirvan de interlocutores. Hai que amosar ao sector experiencias cooperativas exitosas.

- Coméntase, finalmente, que é interesante que as axudas para o desenvolvemento cooperativo non só sexan a nivel económico senón tamén de xestión e titorización de proxectos.

10 Anexo. Guieiro de entrevista

ENTREVISTA EXPERTOS.

Perfil do entrevistado:

1. Cál é o seu posto e función actual.
2. Podería describirme, en xeral, cál foi a súa traxectoria no sector (áreas de traballo. Postos que foi desenvolvendo. Subsectores de especialización. Etc.).

Visión global do sector do mar:

3. ¿Cáles son, na súa, opinión, os **factores de desenvolvemento do sector do mar** (en concreto do subsector ou subsectores que domine o entrevistado): potencialidades, debilidades, retos que se debe formular e principais dificultades para acadar eses retos?

Visión do cooperativismo no sector:

4. ¿Cál é o **papel que pode xogar a fórmula cooperativa** no desenvolvemento do sector?; ¿En qué medida contribúe a superar as debilidades e acadar os retos formulados (na pregunta anterior)?
5. ¿Que valoración fai das cooperativas como fórmula empresarial? ¿Que vantaxes ou desvantaxes lle ve no mundo do mar?
6. En relación a isto mesmo. ¿Considera que as cooperativas do mar xogan un papel importante á hora de **xerar Valor Engadido, Renda, Emprego** ou de **incidir no Prezo, Estabilidade e Regulación dos Mercados**? ¿Cales son as perspectivas futuras en relación a estes aspectos?
7. ¿Cáles poderían ser as **causas polas que as cooperativas teñen escasa presenza** no mundo do mar? Neste sentido, ¿cál pensa que é a **imaxe das cooperativas** no sector?

8. ¿En que subsectores pesqueiros cre que hai máis posibilidades dun desenvolvemento da fórmula cooperativa? ¿Por qué?

Percepción sobre a realidade organizativa do sector cooperativista:

9. Na súa opinión, ¿Que aspectos organizativos, tanto positivos como negativos, teñen incidencia sobre a actividade e xestión empresarial das cooperativas do mar?
10. As cooperativas son unha fórmula organizativa baseada nos valores de participación, solidariedade, compromiso e democracia. ¿Considera vostede que estes valores se reflicten no funcionamento actual das cooperativas do mar? ¿Cales deles destacaría e cal lle parece que será a súa evolución nos vindeiros anos?

Relación entre as cooperativas e o seu entorno sectorial e Administrativo.

11. Na súa opinión, ¿en que medida a tradición organizativa (confrarías e asociacións) e normativa do sector pesqueiro (permex, licencias,..) afecta ao desenvolvemento cooperativo no sector pesqueiro. ¿Que dificulta? ¿Que favorece?.
12. Neste sentido, ¿Cál sería o modelo de relación aconsellable entre as cooperativas e as confrarías?; ¿Cal sería o papel de cada unha delas?
13. ¿Que clase de actuacións da Administración lle parecen máis necesarias para apoiar un desenvolvemento cooperativo no mundo do mar?

Peche da entrevista.

14. ¿Que elementos clave considera vostede que se deben ter en conta especialmente á hora de desenvolver proxectos cooperativos neste sector?.
15. ¿Que outros aspectos considera relevantes en relación coa situación, realidade, potencialidades, etc. do cooperativismo no mundo do mar en Galicia?

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Informe elaborado por Cidadania e Ardora